



PREGO TIPO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A CONTRATACIÓN DE OBRAS DA XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL, PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, CUN UNICO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN: PREZO, SEGUNDO O ESTABLECIDO 159 e 146.1 DA LEI DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO (Lei 9/2017, de 8 de novembro).

ÍNDICE

1. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN
 - 1.1. RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO
 - 1.2. TIPIFICACIÓN DO CONTRATO
 - 1.3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.
 - 1.4. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, RÉXIME DE RECURSOS E XURISDICIÓN COMPETENTE
2. ELEMENTOS DO CONTRATO
 - 2.1. OBXECTO DO CONTRATO
 - 2.2. VARIANTES E DIVISIÓN EN LOTES
 - 2.3. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER
 - 2.4. PERFIL DO CONTRATANTE E USO DE MEDIOS ELECTRÓNICOS
 - 2.5. DURACIÓN DO CONTRATO
 - 2.6. RESPONSABLE DO CONTRATO
3. VALOR ESTIMADO, PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN, PREZO, REVISIÓN DE PREZOS E GASTOS DE PUBLICIDADE
 - 3.1. VALOR ESTIMADO
 - 3.2. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN
 - 3.3. PREZO
 - 3.4. REVISIÓN DE PREZOS
 - 3.5. EXISTENCIA DE CRÉDITO
 - 3.6. GASTOS DE PUBLICIDADE
4. CAPACIDADE PARA CONTRATAR
 - 4.1. CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS
 - 4.2. UNIÓNS DE EMPRESARIOS





5. SOLVENCIA E CLASIFICACIÓN
6. LICITACIÓN
 - 6.1. DOCUMENTACIÓN
 - 6.2. CONFIDENCIALIDADE
 - 6.3. LUGAR, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN
 - 6.4. SISTEMA DE LICITACIÓN ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA (SILEX)
7. ADXUDICACIÓN
 - 7.1. MESA DE CONTRATACIÓN
 - 7.2. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN
 - 7.3. APERTURA DA DOCUMENTACIÓN
 - 7.4. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN
8. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: PRAZO E CONTIDO
9. EXECUCIÓN DO CONTRATO
 - 9.1. FORMA DE EXECUCIÓN
 - 9.2. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO
 - 9.3. PROGRAMA DE TRABALLO
 - 9.4. SINALIZACIÓN DAS OBRAS
 - 9.5. ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS
 - 9.6. DIRECCIÓN DAS OBRAS
 - 9.7. OBRIGAS LABORAIS E SOCIAIS
 - 9.8. AUTORIZACIÓNS E LICENZAS
 - 9.9. EXECUCIÓN DAS OBRAS, RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA E SEGUROS
 - 9.10. PRAZO DE EXECUCIÓN
 - 9.11. GASTOS ESIXIBLES AO CONTRATISTA
 - 9.12. RISCO E VENTURA
 - 9.13. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL
 - 9.14. DEBER DE SIXILO
 - 9.15. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO
 - 9.16. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN DO CONTRATO
 - 9.17. SUSPENSIÓN DO CONTRATO
 - 9.18. INCUMPRIMENTO DO CONTRATO. PENALIDADES
 - 9.19. FORMA DE PAGAMENTO
 - 9.20. TRASMISIÓN DOS DEREITOS DE COBRAMENTO





XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL

Xefatura Territorial de Pontevedra

Avda. María Victoria Moreno 43 – 8º
36003 Pontevedra
Tel.: 986 80 59 05 Fax.: 986 80 59 37
contratacion.pontevedra@edu.xunta.es

10. FINALIZACIÓN DO CONTRATO

10.1. CUMPRIMENTO DO CONTRATO

10.2. RECEPCIÓN E GARANTÍA DA OBRA REALIZADA

10.3. RESOLUCIÓN DO CONTRATO

10.4. CONSERVACIÓN DAS OBRAS

10.5. DESPEXE FINAL DAS OBRAS

10.6. DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA

10.7. RESOLUCIÓN DO CONTRATO





1. RÉXIME XERAL DA CONTRATACIÓN

1.1 RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

A presente contratación, de natureza administrativa ao abeiro do establecido no artigo 25 da Lei de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), cualifícase como contrato de obras de conformidade co establecido no artigo 13 do LCSP.

Esta contratación rexerese polo disposto neste prego, no que se inclúen os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumirán o órgano de contratación, os licitadores, e no seu momento a empresa que resulte adxudicatario. Rexerese tamén polo cadro de características e polo prego de prescricións técnicas particulares integrado no proxecto, que regula as características da prestación que é obxecto da contratación, así como a súa execución.

Ademais dos pregos arriba citados, terán carácter contractual os planos, a memoria no referente á descrición dos materiais básicos ou elementais que formen parte das unidades de obra, os cadros de prezos, o programa de traballo do proxecto e o que presente o adxudicatario, unha vez aprobado pola Administración. Por todo iso, os devanditos documentos deberán ser asinados electronicamente polo adxudicatario, en proba de conformidade, no momento da formalización do contrato.

Para o non previsto nos documentos contractuais o contrato rexerese por:

- A Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público (LCSP), pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 23 de febreiro de 2014. En adiante LCSP.
- Real decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (en diante RDLCSP), en canto non se opoña á LCSP.
- O Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (en diante, RXLCAP), en canto non se opoña á LCSP.
- O Prego de cláusulas administrativas xerais para a contratación de obras do Estado, aprobado por Decreto 3854/1970, do 31 de decembro.





- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, a Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e a normativa de desenvolvemento das devanditas normas.
- Tamén se terá en conta a Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e o Código ético institucional da Xunta de Galicia, aprobado polo Consello de Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 e publicado por Resolución do 8 de setembro de 2014 (DOG núm. 179 do 19/09/2014).
- Calquera outras disposicións que regulen a contratación e que resulten aplicables.

Supletoriamente aplicarase a Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado que sexan de aplicación en canto non se opoñan á normativa anteriormente citada.

No caso de discrepancia dentro da documentación técnica, co fin de resolver as dúbidas, atenderase á seguinte orde de prelación:

1. Planos
2. Memoria.
3. Medicións e orzamento.
4. Pregos de prescricións técnicas.
5. Resto documentación.
6. Interpretación de la dirección facultativa.

1.1.1. A empresa adjudicataria acepta de forma expresa a súa submisión á lexislación e pregos anteriormente citados. O contrato que resulte deste procedemento de adjudicación axustarase ao contido dos pregos.

1.1.2. Este Prego Tipo, establece as condicións aplicables ás contratacións que, tendo natureza análoga, se adecúen ás condicións previstas nas Cláusulas Administrativas Particulares do Prego-Tipo. A individualización de cada contratación conformarase mediante os apartados previstos no cadro de características específico da obra concreta.

1.1.3. O descoñecemento do contrato en calquera dos seus termos, dos documentos anexos que forman parte del, ou das instrucións, pregos ou normas de toda índole promulgados pola Administración que poidan ter aplicación á execución do pactado, non eximirá ao contratista da obriga do seu cumprimento.





1.2. TIPIFICACIÓN DO CONTRATO

A tipificación da presente contratación sinálase no apartado 1.a) do cadro de características do prego, conforme ao establecido nos artigos 13 e 25 da LCSP.

No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á *Disposición Adicional cuarta* da LCSP farase constar no título do contrato e no apdo. 1.b) do cadro de características. Nese caso só poderán presentarse os Centros especiais de emprego ou Empresas de inserción laboral que acrediten ante o órgano de contratación que dispoñen de tal cualificación.

1.3. PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN.

1.3.1. A adxudicación da contratación realizarase a través do sistema de procedemento aberto simplificado, ao abeiro do previsto nos artigos 131.2 e 159 da LCSP. Sendo o prezo o único criterio de adxudicación, de acordo co establecido no artigo 146.1 de la LCSP, tendo en conta a tipoloxía das obras a realizar. No apartado IV do informe de necesidade de cada obra xustificárase este criterio de adxudicación.

1.3.2. A tramitación do expediente de contratación será a ordinaria ou urxente, axustándose ao establecido nos artigos 116 e 119 da LCSP, especificarase no Apdo. 2.a) do cadro de características.

1.4. ÓRGANO DE CONTRATACIÓN, RÉXIME DE RECURSOS E XURISDICIÓN COMPETENTE

1.4.1. O órgano de contratación é a persoa titular da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, en virtude da atribución que recolle o artigo 34.10 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, da Xunta e da súa Presidencia. Exerce estas competencias, por delegación, a persoa titular da Xefatura Territorial da Consellería en Pontevedra de acordo co artigo 5 e) da Orde de 5 de decembro de 2018 de delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos da Consellería de Educación Universidade e Formación Profesional, quen en consecuencia ostenta, de acordo co establecido no artigo 190 da LCSP, a prerrogativa de interpretar o contrato, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, declarar a responsabilidade imputable ao contratista por mor da execución do contrato, suspender a execución, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con suxeición aos requisitos e efectos da normativa aplicable. Así mesmo ostenta a facultade de inspección das actividades desenvolvidas polos contratistas durante a execución do contrato nos termos e límites sinalados na lei.





Os acordos que dite o órgano de contratación poñerán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos, sen prexuízo do dereito do contratista á súa impugnación ante a xurisdición competente.

1.4.2. As cuestións litixiosas xurdidas sobre a interpretación, modificación e resolución do contrato, e efectos desta, serán resoltas polo órgano de contratación.

1.4.3. A resolución das cuestións litixiosas relativas á preparación, adxudicación, efectos, modificación e extinción do contrato administrativo, derivado do presente expediente, será competencia da orde xurisdicional contencioso-administrativa de acordo co artigo 27.1 da LCSP.

1.4.4. Os actos que se diten nos procedementos de adxudicación dos contratos administrativos poderán ser obxecto de recursos ordinarios de conformidade co disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (artigos 112, 121 e 123) e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

1.4.5. Os defectos de tramitación que afecten a actos distintos dos contemplados no apartado anterior poderán ser postos de manifesto polos interesados á Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, Servizo de Programación e Contratación (contratacion.pontevedra@edu.xunta.es) aos efectos da súa emenda.

2. ELEMENTOS DO CONTRATO

2.1. OBXECTO DO CONTRATO

O obxecto do contrato é a realización da obra que se indica no apdo. 3 do cadro de características específico do prego. O referido obxecto corresponde aos códigos da nomenclatura vocabulario común de contratos (CPV) da Comisión Europea e da nomenclatura da clasificación de produtos por actividades (CPA) que se indicarán no referido cadro específico de característica.

A execución do obxecto debe adecuarse ás condicións que figuran no contrato, ás deste prego, ás das prescricións técnicas, ás establecidas no cadro de características, e as do resto de documentos que teñan carácter contractual.

2.2. VARIANTES E DIVISIÓN EN LOTES

2.2.1. Nos procedementos de licitación regulados neste prego, pola súa tipoloxía, aos efectos do estipulado no artigo 142 da LCSP, non se admiten variantes.





2.2.2. De acordo co establecido no artigo 99 apdo. 3 da LCSP o presente prego regula os procedementos de licitación de obras nas que no apartado III do informe de necesidade se xustifique a conveniencia de non dividir en lotes as obras pola tipoloxía e organización dos traballos a realizar.

2.3. NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER

Son as referidas no apdo. 4 do cadro de características.

2.4. PERFIL DO CONTRATANTE E USO DE MEDIOS ELECTRÓNICOS

2.4.1 O perfil de contratante está aloxado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia (www.contratosdegalicia.gal) onde se poderá consultar toda a documentación e información de relevancia dos procedemento de licitación, de conformidade co establecido no artigo 63 LCSP.

O acceso ao perfil do efectuarase a través de Internet no seguinte enlace:

<https://www.contratosdegalicia.gal>

2.4.2. De acordo coas previsións establecidas na disposición adicional 15ª LCSP e pola Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, as notificacións e comunicacións derivadas dos procedementos de adxudicación de contratos regulados na LCSP practícaranse por medios exclusivamente electrónicos.

Neste contexto, todas as notificacións do órgano de contratación practícaranse a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia – Notifica.gal – dispoñible a través da Sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>), e no Portal web institucional da Xunta de Galicia. Para poder acceder a unha notificación electrónica deberá contar cun usuario e clave no servizo Chave 365 ou cun certificado electrónico de persoa física ou persoa xurídica asociado ao NIF da persoa destinataria.

Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que conste na declaración responsable para os efectos de notificación. Para estes efectos, os licitadores deberán completar a súa alta no sistema Notifica.gal indicando unha dirección de correo electrónico e/ou móbil onde recibirán os avisos da posta a disposición. No caso de non dispoñer desa información, practícaranse as notificacións sen poder enviarlle ningún aviso.





Así mesmo, para os efectos das notificacións que se practiquen, os licitadores deberán facilitar os seus datos no modelo de declaración responsable que figura como anexo II a este prego.

Ao abeiro do establecido na disposición adicional décimo quinta da LCSP, os prazos para a realización dos trámites computaranse con carácter xeral desde a recepción da notificación polo interesado, ou dende a data de envío si o acto notificado foi publicado no perfil do contratante.

De conformidade co disposto no artigo 43.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, entenderase rexeitada a notificación cando transcorran 10 días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

O cumprimento dos requirimentos que practique a Administración que impliquen a presentación de documentación orixinal ou copia electrónica auténtica realizaranse utilizando a sede electrónica da Xunta de Galicia da seguinte forma :

- 1- Acceder a <https://sede.xunta.gal>
- 2- Seleccionarse Trámites-Solicitud xenérica-Tramitar en liña.
- 3- Deberá usar certificado dixital para acceder ao formulario de presentación solicitud xenérica (Procedemento PR004A).
- 4- Cubriranse os apartados do formulario anexando a documentación que se desexe presentar. Deberá especificarse o número de expediente e lote o que pertence a documentación que se achega.
- 5- No epígrafe de destinatario deberá seleccionar: CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL– XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL DE PONTEVEDRA.

De acordo co disposto no artigo 45 da Lei 4/2019, de 17 de xullo, da administración dixital de Galicia, nos casos de non-funcionamento do sistema por razóns de imposibilidade técnica no envío ou na posta á disposición, derivada dun caso fortuíto, de forza maior ou doutras incidencias técnicas, as notificacións que se teñan que realizar na sede electrónica da Xunta de Galicia e no enderezo electrónico habilitado único, namentres non se restableza o sistema, poderanse efectuar, a xuízo do órgano que tramite o procedemento e atendendo ao cumprimento dos prazos de resolución e ás circunstancias concorrentes, por medios non electrónicos, de acordo co establecido na lexislación reguladora do procedemento administrativo común, sempre que permitan ter constancia do envío ou da posta á disposición da notificación, da recepción ou do acceso pola persoa interesada ou por quen a





represente, da data e a hora, do contido íntegro do acto notificado e da identidade fidedigna da persoa remitente e destinataria dela.

Para os efectos do acceso ao contido das notificacións por parte dos interesados, o sistema informará das indispoñibilidades do servizo planificadas, así como das interrupcións non planificadas derivadas de incidencias técnicas. O sistema poñerá á disposición das persoas interesadas o oportuno xustificante electrónico de indispoñibilidade, no que se expresen os períodos da interrupción, para os efectos, de ser o caso, da súa presentación por parte da persoa interesada no correspondente procedemento e da xustificación perante o órgano competente para a súa tramitación da imposibilidade do cumprimento dos prazos dentro deste, así como a petición da súa ampliación, de así proceder.

A presentación de ofertas e solicitudes de participación nos procedementos de licitación regulados neste prego, de conformidade co establecido na disposición adicional 15ª da LCSP, levarase a cabo utilizando exclusivamente medios electrónicos, accedendo a través do enderezo : <http://www.conselleriadefacenda.es/silex>

2.5. DURACIÓN DO CONTRATO

2.5.1. O prazo de execución total previsto pola Administración para a execución das obras estará fixado no apdo. 5 do cadro de características e terá, en todo caso, carácter de prazo máximo. Serán rexeitadas todas as ofertas que superen o valor máximo do prazo de execución fixado.

2.5.2. Os prazos parciais serán os que se fixen na aprobación do programa de traballo. No cadro de características poderanse especificar, no seu caso, os prazos parciais que darán motivo ás recepcións parciais a que se refire o artigo 243.5 da LCSP.

Os anteditos prazos comezarán a contarse a partir do día seguinte ao da subscripción da acta de comprobación do replanteo.

A devandita acta e os prazos parciais que poidan fixarse ao aprobar o programa de traballos, cos efectos que nesta aprobación se determinen, entenderanse integrantes do contrato, para os efectos da súa esixibilidade.

De conformidade co establecido no artigo 195.2 da LCSP, o referido prazo de execución poderá ampliarse cando o contratista non poida cumprilo por causas totalmente imprevistas e que non lle sexan imputables, sempre que as xustifiquen debidamente.





O prazo contractual poderá prorrogarse cando se produza algunha das situacións previstas no artigo 29 da LCSP.

2.6. RESPONSABLE DO CONTRATO

Ao responsable do contrato corresponderá supervisar a execución da obra e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que aqueles lle atribúan. As facultades do responsable do contrato serán exercidas polo Director Facultativo conforme co disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP.

3. VALOR ESTIMADO, PRESUPOSTO BASE DE LICITACIÓN, PREZO, REVISIÓN DE PREZOS E GASTOS DE PUBLICIDADE

3.1. VALOR ESTIMADO

Segundo o previstos no art. 101 da LCSP o valor estimado do contrato inclúe a estimación valorada de todos os gastos computables: custos derivados da aplicación da normativa laboral en vigor, custos derivados da execución material, custes de subministracións, gastos de estrutura e beneficio industrial. No apartado 6.1 do cadro de características consignase o valor estimado sen incluír o Imposto sobre o Valor Engadido (IVE).

As ofertas (IVE excluído) que excedan do valor estimado do contrato serán rexeitadas.

3.2. ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN

O orzamento base de licitación, a efectos do artigo 100 da LCSP, calculado co IVE incluído, de acordo ao artigo 233.1. d), consignase no apdo. 6.2 do cadro de características.

O orzamento poderá desagregarse en anualidades de acordo co apdo. 6.3 do cadro de características.

Aos efectos do contemplado no artigo 100.2 da LCS a desagregación do orzamento realízase no cadro de prezos unitarios, no cadro de prezos auxiliares e no cadro de prezos descompostos incluídos dentro do apartado de medición e presuposto do proxecto da obra. En todo caso os custos salariais compren co Convenio laboral de referencia.

O órgano de contratación pode reaxustar as anualidades cando exista dispoñibilidade orzamentaria e as exixencias de execución o aconsellen.





O orzamento aprobado pola Administración, comprende todos os custos directos e indirectos que o contratista deba realizar para a normal execución da obra contratada, as taxas pola prestación dos traballos de inspección e dirección das obras e calquera outras que resulten de aplicación, segundo as disposicións vixentes, así como os impostos, directos ou indirectos e licencias municipais, provinciais e estatais (que non poderán ser presentadas como partidas independentes). En todo caso, deberá entenderse excluído o IVE que poida corresponder, que deberá figurar como partida independente.

O orzamento do contrato e os prezos unitarios que rexerán durante a execución da obra serán os do orzamento base de licitación, afectados pola aplicación do coeficiente de adxudicación que se deducirá dividindo o importe da oferta económica presentada polo licitador que resulte adxudicatario da obra polo presuposto de licitación aprobado pola Administración e non será superior á unidade.

Igualmente sinálase que o contrato ten carácter global, incluíndo a totalidade da obra a executar.

3.3. PREZO

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e deberá indicar como partida independente o imposto sobre o valor engadido (IVE).

Todos os gastos que se orixinen para o contratista, incluídos os tributos, taxas e canons de calquera índole que sexan de aplicación, como consecuencia das obrigas recollidas no prego e o resto de disposicións que sexan de aplicación ao contrato, están incluídos no prezo do contrato e se non figuran no proxecto obxecto de licitación entre os custos directos e indirectos de execución, consideraranse incluídos na porcentaxe de Gastos Xerais de Estrutura.

3.4. REVISIÓN DE PREZOS

Ao abeiro do establecido no artigo 103.1 do LCSP, non procede a revisión de prezos nas licitación reguladas neste prego.

3.5. EXISTENCIA DE CRÉDITO

Dispónse do crédito orzamentario preciso para atender as obrigacións que deriven para o órgano de contratación do cumprimento do contrato ata a súa conclusión. A aplicación presupostaría consignarse no apartado 6.4 do cadro de características.





3.6. GASTOS DE PUBLICIDADE

Non procede a consignación de gastos de publicidade.

4. CAPACIDADE PARA CONTRATAR

4.1. CAPACIDADE DAS PERSOAS NATURAIS OU XURÍDICAS

4.1.1. En aplicación do disposto no artigo 65.1 LCSP, poderán contratar co sector público as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras que, tendo plena capacidade de obrar, non se achen comprendidas nalgunha das circunstancias inhabilitantes previstas no artigo 71 da LCSP e acrediten a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional ou, no seu caso, se atopen debidamente clasificadas.

As persoas xurídicas só poderán ser adxudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a teor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

As empresas non españolas de Estados membros da Unión Europea ou dos Estados signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo teñen capacidade para contratar sempre que, conforme a lexislación do Estado en que estean establecidas, se encontren habilitadas para realizar a prestación que constitúe o obxecto do contrato.

As empresas non comunitarias rexeranse polo disposto no artigo 68 da LCSP.

4.1.2. No caso de ser considerado un contrato reservado acollido á Disposición Adicional cuarta da LCSP só poderán presentarse á presente licitación os centros especiais de emprego ou empresas de inserción laboral legalmente constituídos que acrediten ante o órgano de contratación dispor de tal cualificación.

4.1.3. Respecto á concorrencia á licitación daqueles empresarios que participasen na elaboración das especificacións técnicas ou dos documentos preparatorios do presente contrato, estarase ao disposto no artigo 70 da LCSP.

4.1.4. Se durante a tramitación dun procedemento e antes da formalización do contrato producíse unha operación de fusión, escisión, transmisión do patrimonio empresarial ou dunha rama da actividade, sucederlle á empresa licitadora ou candidata na súa posición no procedemento a sociedade absorbente, a resultante da fusión, a beneficiaria da escisión ou a adquirente do patrimonio empresarial ou da correspondente rama de actividade, sempre que reúna as condicións de capacidade e ausencia de prohibición de contratar e acredite a súa solvencia e clasificación nas





condicións esixidas no prego de cláusulas administrativas particulares para poder participar no procedemento de adxudicación.

4.1.5 Poderanse esixir requisitos específicos aos licitadores de acordo coa normativa aplicable relativos a habilitación empresarial ou profesional, no seu caso, para a realización de prestacións que constitúen o obxecto do contrato de acordo co establecido no artigo 65 da LCSP. Os requisitos deberán ser cumpridos polos licitadores ao concorrer ao procedemento, debendo ser acreditados pola empresa proposta como adxudicataria xunto co resto da documentación establecida no apartado 7.4.1 deste prego. No caso de que sexa tecnicamente factible o órgano de contratación poderá comprobar de oficio o cumprimento destes requisitos cando consistan na inclusión do operador económico nun rexistro público. Estes requisitos reflectiranse, de ser o caso, no apartado 16 do cadro de características.

4.2. UNIÓN DE EMPRESARIOS

Segundo o disposto no artigo 69 da LCSP, poden contratar coa Administración as unións de empresarios que se constituán temporalmente para o efecto (UTES), sen que sexa necesaria a súa formalización en escritura pública ata que se efectuase a adxudicación do contrato ao seu favor.

Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, conforme aos artigos 74 e seguintes e 86 e seguintes da LCSP e aos artigos 9 a 16 do RXLCAP, sen prexuízo da posibilidade de acumulación a efectos da solvencia establecida no artigo 24 do RXLCAP, así como da clasificación de conformidade co disposto no artigo 52 RXLCAP.

Consonte prescribe o artigo 24 do RXLCAP, para que durante a fase previa á adxudicación do contrato a unión temporal sexa eficaz fronte á Administración será necesario que os empresarios que desexen concorrer integrados na dita unión temporal indiquen en documento privado os nomes e circunstancias daqueles que a subscriban, a participación de cada un deles e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas, no caso de resultar adxudicatarios. Dito escrito deberá designar a persoa que durante a vixencia do contrato ostenta a representación de todos eles fronte á Administración. Os empresarios que concorran agrupados en UTES quedarán obrigados solidariamente.

A duración da unión temporal de empresarios será coincidente coa do contrato ata a súa extinción.





5. SOLVENCIA E CLASIFICACIÓN

5.1. A solvencia económica, financeira e técnica ou profesional exigible xustificárase polos medios que se indican nos apartados 7 e 8 do cadro de características, no que constan os criterios e requisitos mínimos para a súa acreditación, así como a posible clasificación correspondente ao obxecto e contía do contrato.

A solvencia se acreditará de acordo co artigo 77.1 da LCSP, indistintamente mediante a clasificación ou acreditando o cumprimento dos requisitos específicos de solvencia do cadro de características deste prego.

5.2. No suposto en que o empresario acredite a súa solvencia mediante a clasificación esta deberá corresponderse coa que se indica no apdo. 7 do cadro de características do contrato.

Cando sexa posible acreditar a solvencia mediante a clasificación e conorra á licitación unha unión de empresarios integrada por empresarios nacionais, estranxeiros que non sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea e estranxeiros que sexan nacionais dun Estado membro da Unión Europea, os que pertencen aos dous primeiros grupos poderán acreditarla mediante a súa clasificación, e estes últimos mediante a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

5.3. Os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea acreditarán a súa solvencia técnica, económica e financeira a través dos mesmos medios de xustificación que os empresarios españois, tal como se indica nos apartados 7 e 8 do cadro de características do contrato.

5.4. Os certificados de clasificación ou documentos similares que fosen expedidos por Estados membros da Unión Europea a favor dos seus propios empresarios constituirán unha presunción de aptitude nos termos sinalados no artigo 97.1 da LCSP.

5.5. O órgano de contratación ou a mesa de contratación poderá solicitar dos licitadores as aclaracións sobre os certificados e documentos presentados que considere pertinentes, ou requirilos para a presentación doutros complementarios.

5.6. Todos os licitadores que se presenten a licitacións realizadas a través do procedemento aberto simplificado deberán estar inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia ou no rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECE) segundo o establecido letra a) do apartado 4 do artigo 159 da LCSP na data final de presentación de ofertas.





6. LICITACIÓN

6.1. DOCUMENTACIÓN

6.1.1. A totalidade da documentación relacionada coa licitación e os Anexos estará dispoñible en formato electrónico a través do perfil do contratante situado na Plataforma de contratos públicos de Galicia (www.contratosdeg Galicia.gal).

Toda a documentación que presenten os licitadores deberá ser documentación electrónica orixinal ou ben copias electrónicas que teñan carácter de auténticas de acordo co artigo 28 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Os documentos deben presentarse en lingua galega ou castelá. No perfil do contratante están dispoñibles os documentos nas dúas linguas. A documentación redactada noutra lingua deberá ir acompañada da correspondente tradución oficial para a lingua galega ou castelá

6.1.2 DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

O seu contido será o seguinte:

Declaración do licitador, que se adxunta como Anexo I, indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración, e que se achega no momento da presentación das ofertas, substituíndo os certificados expedidos polas autoridades públicas ou por terceiros, e polo que se confirma que o operador económico cumpre coas condicións requiridas :

Que o asinante da oferta ostentar a representación do operador económico; que conta coa adecuada solvencia económica, financeira e técnica ou, no seu caso, a clasificación correspondente; e que conta coas autorizacións necesarias para exercer a actividade; que cumpre cos criterios de selección e non esta incurso en prohibición de contratar algunha das establecidas no artigo 71 da LCSP.

As circunstancias relativas á capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar deberán concorrer na data de presentación de ofertas e subsistir no momento de formalización do contrato.

O órgano de contratación ou a Mesa de Contratación poderán pedirlle aos licitadores que presenten a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos en calquera momento do procedemento cando resulte necesario para garantir o seu bo desenvolvemento e, en todo caso, antes da adxudicación.





Antes da adxudicación do contrato o órgano de contratación esixiralle ao licitador proposto como adxudicatario que presente os documentos xustificativos.

Regras específicas en canto a Declaración

- O licitador que participe pola súa conta e que non recorra á capacidade doutras entidades para cumprir os criterios de selección deberá cumprimentar unha soa declaración.
- Cando a empresa licitadora recorra á solvencia e medios doutra ou outras entidades (artigo 75 LCSP), xunto coa súa propia declaración, tamén debe presentar a declaración de cada unha das entidades a cuxa solvencia e/ou medios recorra (tantas declaracións como entidades).
- No caso das UTEs que participen conxuntamente no procedemento, deberán presentar unha declaración separada por cada empresa, para acreditar a súa personalidade, capacidade e solvencia.
- Clasificación: Será posible substituír a solvencia pola clasificación indicada no apartado 7 do cadro de características, na declaración responsable seleccionárase esta circunstancia.

6.1.3 PROPOSTA ECONÓMICA

A proposta económica farase cumprimentando o Anexo II do prego.

O importe debe expresarse claramente en números e letras. En caso de discrepancia, prevalecerá o importe reflectido en letra. Indicarase o importe IVE engadido como partida independente, e o importe total da oferta.

Enténdese que a oferta económica inclúe todas as taxas e impostos, directos e indirectos, e arbitrios municipais que graven a execución do contrato.

A oferta presentarase asinada electronicamente sen omisións, ou erros que dificulten coñecer claramente o que a Administración xulgue fundamental para considerar as ofertas, e que, de producirse, provocará o rexeitamento da proposta.

O empresario que presentase oferta en unión temporal con outros empresarios non poderá, pola súa vez, presentar oferta individualmente, nin figurar en máis dunha unión temporal participante na licitación.

O incumprimento das normas contidas nos parágrafos anteriores dará lugar á inadmisión de todas as ofertas subscritas polo licitador.





6.1.4. Os licitadores, de acordo co establecido no artigo 138.3 da LCSP e no número 2 do artigo 22 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, poderán solicitar, -cunha antelación mínima de doce días naturais antes da fin de prazo de presentación das ofertas-, as aclaracións que sobre o contido dos pregos consideren pertinentes, dirixindo a consulta ao enderezo de correo electrónico sinalado no cadro de características e no perfil do contratante. A Administración debe facilitar a información, ao menos, seis días antes da data límite fixada para a recepción das ofertas. Este prazo reducirase a 4 días no caso do que expediente fose cualificado como urgente. As respostas publicaranse na Plataforma de contratos públicos de Galicia (PCPG).

6.1.5 A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego, así como do proxecto de obra, e do prego de prescricións técnicas incluídas no proxecto, do cadro de características e do resto de documentación que teña carácter contractual.

O momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade, solvencia e ausencia de prohibicións de contratar exixidos para contratar coa Administración será o día de finalización do prazo de presentación das proposicións e subsistir no momento da formalización do contrato.

O órgano ou a mesa de contratación poderán solicitar en calquera momento aos candidatos ou licitadores que presenten a totalidade ou unha parte dos documentos xustificativos, ou cando consideren que existen dúbidas razoables sobre a vixencia ou fiabilidade da declaración, ou cando resulte necesario para o bo desenvolvemento do procedemento e, en todo caso, antes de adjudicar o contrato de acordo co art. 140.3 da LCSP e o art. 59.4 da Directiva 2014/24/UE.

A presentación de proposicións presume por parte do licitador a aceptación incondicionada das cláusulas deste prego, así como do prego de prescricións técnicas.

6.2. CONFIDENCIALIDADE

Para os efectos de dar cumprimento ao previsto no artigo 133, os licitadores, de ser o caso, deberán indicar que información da oferta presentada consideran que teñen carácter confidencial.

Os documentos e os datos presentados polas empresas licitadoras poden ser considerados de carácter confidencial cando a súa difusión a terceiros poida ser contraria aos seus intereses comerciais lexítimos ou prexudicar a leal competencia entre as empresas do sector.





Por conseguinte, serán os licitadores os que deben identificar a documentación ou a información que consideran que ten carácter confidencial, e non será admisible que efectúen unha declaración xenérica ou declaren que todos os documentos ou toda a información teñen carácter confidencial. Esta circunstancia deberá reflectirse na declaración responsable e no propio documento sinalado como tal, á marxe ou de calquera outra forma visible.

Para que esta designación sexa válida o licitador deberá xustificar no anexo I do presente prego os motivos ou as circunstancias polos cales deba recoñecerse este carácter de confidencialidade, indicando así mesmo os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar, para os efectos de que o órgano de contratación poida verificar o mantemento dun adecuado equilibrio dos dereitos de todos os licitadores. Non será admisible unha declaración insuficientemente xustificada.

A designación de confidencialidade unicamente afectará a documentos que teñan unha difusión restrinxida e en ningún caso a documentos que sexan publicamente accesibles.

Non se considerarán confidenciais os documentos que non cumprisen os requisitos de ser expresamente cualificados como tales polos licitadores con indicación expresa dos motivos que xustifican tal consideración e, especialmente, nos casos nos que o licitador non achegue a declaración de confidencialidade, ou efectúe unha declaración xenérica, ou declare que todos os documentos ou toda a información teñen carácter confidencial.

Os licitadores deberán xuntar unha memoria onde xustifiquen os motivos ou circunstancias segundo os cales debe recoñecerse este carácter de confidencialidade e os concretos prexuízos económicos que o seu acceso podería ocasionar para os efectos de que o órgano de contratación poida verificar o mantemento dun adecuado equilibrio dos dereitos de todos os licitadores.

En todo caso, terá carácter confidencial a documentación facilitada polos empresarios para acreditar a súa solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, de acordo co establecido no artigo 133 de la LCSP.

Tamén terá carácter confidencial os datos de carácter persoal obxecto da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, salvo que de forma expresa se autorice a comunicación ou a cesión. Non obstante, non terá carácter confidencial a información que conste en rexistros públicos e que, ademais, sexa de acceso público.





Para o caso de que non haxa declaración de confidencialidade dos empresarios ou esta sexa incompleta, o órgano de contratación actuará segundo o seguinte procedemento:

- Antes de decidir que documentos ou información teñen carácter confidencial, dará traslado ao licitador ou candidato da solicitude da información presentada por outras empresas interesadas no procedemento para que se poida pronunciar de forma xustificada.

- O órgano de contratación non poderá divulgar a información facilitada polos licitadores que estes designasen como confidencial segundo os motivos e circunstancias que estes manifestasen.

- No suposto de que un licitador non motive ou concrete as circunstancias xustificativas da súa declaración de confidencialidade ou siga mantendo unha declaración xenérica do carácter confidencial de toda a súa oferta, entenderase esta como inmotivada e o órgano de contratación reservará para si o dereito de considerar que documentación debe considerarse confidencial exonerándoo de toda responsabilidade por calquera erro de apreciación en canto ao carácter confidencial ou non da información facilitada.

De acordo co previsto no artigo 154.7 LCSP, o órgano de contratación pode non comunicar determinados datos relativos á adxudicación cando considere, xustificándoo debidamente no expediente, que a divulgación desta información pode obstaculizar a aplicación dunha norma, resultar contraria ao interese público ou prexudicar intereses comerciais lexítimos de empresas públicas ou privadas ou a competencia leal entre elas, entre outros.

En calquera caso, o deber de confidencialidade do órgano de contratación non poderá impedir a divulgación pública de partes non confidenciais dos contratos celebrados, tal e como indica o artigo 133 LCSP.

6.3. LUGAR, PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DAS OFERTAS

A presentación de ofertas e solicitudes de participación, de conformidade co establecido na disposición adicional 15ª da LCSP, levarase a cabo utilizando exclusivamente medios electrónicos. A presentación deberá realizarse dentro do prazo de 20 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación da licitación no perfil do contratante.

O non cumprimento do lugar, do prazo e da hora da presentación da documentación será causa de exclusión.





Ao non haber criterios de adjudicación cuxa cuantificación dependa dun xuízo de valor, a oferta presentárase nun único sobre de acordo co establecido no Art. 159.4 d) da LCSP.

6.4. SISTEMA DE LICITACIÓN ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA (SILEX)

6.4.1. O contrato licítase a través do Sistema de Licitación Electrónica da Xunta de Galicia (SILEX) regulada pola Orde de 28 de xullo de 2010. A súa utilización permite a presentación de ofertas.

6.4.1.1. Modo de acceso: www.conselleriadefacenda.es/silex

6.4.1.2. Requisitos dos licitadores relacionados coa presentación electrónica:

- Certificado dixital de persoa física ou de representante de persoa xurídica recoñecidos ou cualificados, expedidos polos prestadores de servizos de confianza: <http://www.conselleriadefacenda.es/servizos-e-tramites/ov-perceptores/certificados-electronicos-admitidos>

6.4.1.3. Requisitos do equipo informático, formatos electrónicos dos documentos e sinatura dixital de ofertas.

- Para licitar no SILEX, deberánse cumprir os requisitos básicos que se indican no apartado “Axuda” da páxina principal: www.conselleriadefacenda.es/silex

- Instalación no equipo informático da “Ferramenta de Licitación Electrónica SILEX” dispoñible na área de descargas da plataforma.

- Dispoñer dun ordenador cos requisitos técnicos adecuados para o correcto funcionamento do sistema.

- A documentación presentada no SILEX para ser asinados na plataforma debe estar nun dos formatos seguintes: .doc, .odt, .xls, .ods, ppt, pdf, .rtf, .jpg, .bmp, .tiff ou calquera outro dos admitidos no SILEX.

- Toda a documentación presentada poderá ser asinada dixitalmente a través do Sistema de Licitación Electrónica (SILEX) mediante o certificado dixital do licitador no momento da presentación de ofertas. O Sistema permite asinar dixitalmente a documentación da oferta por unha ou varias persoas.

- Calquera documento asinado dixitalmente con carácter previo á súa incorporación no SILEX deberá vir en formato pdf, e estar asinado co estándar de sinatura “PDF Advanced Electronic Signatures”(PADES). No seguinte páxina





web estan dispoñibles ferramentas de lectura de pdf e ferramentas de sinatura electrónica de documentos:

<https://firmaelectronica.gob.es/Home/Ciudadanos/Aplicaciones-Firma.html>

Estas aplicacións permiten a sinatura por parte de varios representantes dun mesmo documento, indistintamente do pc no que se atope cada unha das persoas que vaian a asinar.

Unha vez asinado poderase subir a SILEX do xeito habitual: Preparar oferta.

6.4.1.4. A presentación da oferta mediante o SILEX, supón a aceptación expresa e o consentimento do licitador para a obtención dos datos da empresa que constan no Rexistro Oficial de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, aos únicos efectos da comprobación dos seus datos para esta licitación.

O sistema de licitación electrónica garante que as ofertas enviadas polos licitadores sexan emitidas e rexistradas de forma que sexa imposible coñecer o seu contido salvo no momento e polo persoal autorizado legalmente para elo. A tal efecto, as ofertas son remitidas á unidade que tramita o expediente, cifradas e fragmentadas.

Será responsabilidade dos licitadores asegurar que as ofertas se envían libres de código malicioso que dificulte ou imposibilite a súa lectura. En calquera caso, a mera presenza de código malicioso na oferta non determinará por si mesma a exclusión desta, sempre que se poida ter acceso ao seu contido.

Se a documentación que se achegue fora xerada por unha entidade ou organismo diferente do licitador, deberá incluír o código de verificación que permita por parte da Mesa de Contratación a consulta electrónica directa do documento na sede electrónica ou portal da entidade ou organismo que xerou o dito documento. No seu defecto a documentación achegada debe cumprir cos requisitos necesarios que garantan a súa eficacia e validez de acordo co disposto nas seguintes referencias normativas:

- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

- Capítulo VII do Decreto 198/2010, de 17 de decembro, polo que se regula o desenvolvemento da Administración Electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dependentes.

Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

6.4.2. As ofertas:

O contido da documentación presentada debe:





- Estar asinada electronicamente polo licitador ou, se é o caso, polo representante legal da entidade que asina toda a documentación. Se se trata dunha unión temporal de empresas, indicaranse os datos de cada un dos empresarios, e as ofertas deben ir asinadas polos representantes de cada unha das empresas integrantes da unión.
- Indicar o NIF, nome e apelidos do licitador ou, se é o caso, denominación social, teléfono, fax, enderezo e correo electrónico tanto na declaración responsable (Anexo I) como na proposta económica (Anexo II)

6.4.3. SOBRE ADMINISTRATIVO – ECONÓMICO (ÚNICO)

Na plataforma SILEX deberá seleccionar a licitación, identificarse co certificado dixital, e seleccionar previamente na Pestana 3 Seleccionar expediente, e a continuación deberá presentar na Pestana 4 Preparar oferta.

Deberá achegar o sobre electrónico preconfigurado a seguinte documentación :

1. Declaración responsable do licitador cuberta a asinada electronicamente indicando que cumpre as condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración que se xunta ao presente prego como Anexo I.
2. Oferta económica segundo o modelo do Anexo II.

Calquera outra documentación que se teña que incluír por motivos específicos no sobre deberá asinarse electronicamente. Para engadila pulsarase no texto *Engadir outros documentos*, unha vez seleccionado o arquivo é obrigatorio cubrir o campo descrición que fará referencia o contido.

No apartado apartado Axuda do portal (www.conselleriadefacenda.es/silex) existen manuais que explican pormenorizadamente o procedemento (Guía para comezar a licitar, Manual de usuario, Requisitos Técnicos).

As consultas ou incidencias relacionadas coa presentación electrónica das ofertas realizarase exclusivamente na referida paxina web mediante o seguinte procedemento:

1. Na parte inferior da pantalla a que se accede co enlace anterior, seleccionar Atención ao usuario.
2. Na pantalla seguinte de Asistente en liña de administración electrónica seleccionar SILEX e pulsar Continuar.





3. Que tipo de problema ten? Seleccionar a primeira opción (É un problema técnico ou informático, relacionado co funcionamento inadecuado dun servizo que estou empregando) e pulsar Continuar.
4. En Información de axuda sobre SILEX pode consultar as axudas disponibles.
5. Se non atopou solución ao seu problema, seleccione a opción de Non, na información de axuda dispoñible non atopo resposta ao meu problema e Continuar.
6. Na pantalla Expoña a súa consulta pode cubrir o formulario para enviar a súa consulta técnica.

7 ADXUDICACIÓN

7.1. MESA DE CONTRATACIÓN

O órgano de contratación estará asistido, para a adxudicación do contrato, por unha mesa de contratación constituída de conformidade co previsto no artigo 326 da LCSP e nos artigos 21 e 22 da Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

A mesa poderá estar asistida polos técnicos asesores que se consideren necesarios, que informarán sobre as cuestións das súas respectivas competencias, por requirimento desta.

A composición da mesa publicarase no perfil do contratante.

7.2 CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

7.2.1 O procedemento de adxudicación do contrato, en virtude do artigo 159 da LCSP, é aberto simplificado sendo o criterio de adxudicación único o do prezo, de acordo co establecido no artigo 146.1 da LCSP, entendéndose que a mellor oferta é a que incorpora un prezo máis baixo, sen prexuízo da aplicación de criterios para determinación de ofertas anormalmente baixas.

7.2.2 Os parámetros obxectivos en virtude dos cales se entenderá que as ofertas presentadas non poden ser cumpridas por seren consideradas anormalmente baixas son o especificados no apartado 10 do cadro de características.

Cando se identifique unha proposición que poida ser considerada anormalmente baixa, deberá darse audiencia ao licitador afectado e tramitarse o procedemento previsto nos artigos 149 e 159. 4. f) da LCSP.

O órgano de contratación rexeitará en todo caso as ofertas incursas en presunción de anormalidade cando comprobe que son anormalmente baixas por vulnerar a





normativa sobre subcontratación ou non cumpran as obrigas aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes.

A Mesa de Contratación ou o órgano de contratación, en orde a garantir o bo fin do procedemento, poderán requirir, en calquera momento anterior á adopción da adxudicación, que os licitadores presenten a documentación que acredita que cumpran as condicións establecidas para ser adxudicatarios do contrato.

De todas as actuacións practicadas pola mesa deixarase constancia nas actas correspondentes, nas que figurará o resultado do procedemento e as súas incidencias.

7.3. APERTURA E EXAME DAS PROPOSICIÓNS PRESENTADAS NUN ÚNICO SOBRE

7.3.1 Finalizado o prazo de presentación de proposicións, a Mesa de Contratación constituirase para o exame e cualificación da documentación presentada en tempo e forma, de acordo co Art. 159. 4 apartado d) da LCSP, para isto os membros da mesa de contratación autorizados legalmente procederán á apertura material das ofertas cifradas e fragmentadas polos medios técnicos aparelados para o efecto e procederá:

1.º Previa exclusión, no seu caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos do prego, avaliar e clasificar as ofertas por orde decrecente segundo o criterio de adxudicación. Entenderase que a mellor oferta é a que incorpora o prezo máis baixo.

Respecto a declaración responsable o órgano de contratación, para garantir o bo fin do procedemento, poderá solicitar, en calquera momento anterior á adopción da proposta de adxudicación, que os candidatos acheguen a documentación acreditativa do cumprimento das condicións establecidas para ser adxudicatario do contrato. Esta documentación deberá presentarse nun prazo de dez días hábiles contados desde o día seguinte a aquel en que o licitador recibise a notificación.

Os licitadores poderán ser excluídos do procedemento de contratación, ou ser obxecto de axuízamento conforme a lexislación nacional, en caso de que incorran en declaracións falsas de carácter grave ou, en xeral, ao facilitar a información exixida para verificar que non existen motivos de exclusión ou que se compren os criterios de selección, ou en caso de que oculten tal información ou non poidan presentar os documentos xustificativos.





2º Realizarase a proposta de adxudicación ao candidato que oferte un prezo máis baixo coas seguintes salvedades:

a) No caso de que a mesa, conforme o establecido na cláusula 7.2 deste PCAP, aprecie que a mesma, así como outras ofertas, atópanse en presunción de baixa anormal, seguirá o procedemento previsto en dita Cláusula, concordante co artigo 149 e 159. 4 f) da LCSP para que no prazo máximo de 4 días hábiles dende o día seguinte o envío da notificación electrónica se xustifiquen as ofertas realizadas. A petición realizarase por Notifica e a documentación presentarse na sede electrónica da Xunta de Galicia mediante o procedemento descrito no apartado 2.4.2 deste prego

b) No suposto en que se produza igualdade nas proposicións máis baixas, a proposta de adxudicación realizarase a favor do licitador que acredítase algunha das circunstancias que, para o desempate, se sinalaron no apdo. 11 do cadro de características que acompaña o presente prego.

Se, a pesar de todo isto, aínda persiste a igualdade, o adxudicatario será seleccionado mediante un sorteo.

Do actuado deixarase constancia na acta que necesariamente deberá redactarse. A Mesa de Contratación determinará as empresas licitadoras que son admitidas á licitación, as excluídas, e as causas da súa exclusión.

En atención ao establecido nos artigos 132.3 da LCSP e 23.3 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico, os órganos de contratación notificarán á Comisión Galega da Competencia calquera feito do cal teñan coñecemento no exercicio das súas funcións que poida constituir infracción da lexislación de defensa da competencia. En particular, comunicarán calquera indicio de acordo, decisión ou recomendación colectiva, práctica concertada ou conscientemente paralela entre os licitadores que teña por obxecto, produza ou poida producir o efecto de impedir, restrinxir ou falsear a competencia no proceso de contratación.

O órgano de contratación ou a Mesa de Contratación poderán solicitar á empresa licitadora aclaración sobre a oferta presentada ou se houbera de corrixir manifestos erros materiais na súa redacción, sempre que se respecte o principio de igualdade de trato e sen que poidan, en ningún caso, modificarse os termos da oferta. De todo o actuado deberá deixarse constancia documental no expediente.

Se a mesa observa erros ou omisións emendables, concederá un prazo non superior a tres días para emendalos. Para estes efectos notificarase pola plataforma Notifica.gal, dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia





(<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas aviso da notificación á conta de correo facilitada pola empresa, sen prexuízo de que as circunstancias sinaladas se poidan facer públicas a través do perfil de contratante.

De acordo co establecido no artigo 157.4 da LCSP non será preciso que o acto de apertura do sobre único sexa público o tratarse licitacións que empregan medios electrónicos quedando garantida mediante medios técnicos de encriptación informática a integridade e confidencialidade das ofertas realizadas polos licitadores ata o momento de apertura das mesmas.

O resultado dos actos da Mesa de Contratación coa cualificación, admisión ou exclusión das ofertas publicaranse no perfil do contratante. Excluirase aquela información que non sexa susceptible de publicación de conformidade coa lexislación vixente en protección de datos.

7.4. ADXUDICACIÓN DO CONTRATO E NOTIFICACIÓN DA ADXUDICACIÓN

7.4.1 Unha vez elaborada a proposta de adxudicación, requirirase ao licitador que presente a mellor oferta para que, dentro do prazo de 7 días hábiles dende o requirimento presente a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos para contratar coa Administración recollidos na declaración responsable incluída no anexo I deste prego.

Deberase acreditar:

- a) Capacidade de obrar do licitador.
 - Se se trata dun empresario individual, do documento nacional de identidade (DNI) ou documento que o substitúa regulamentariamente.
 - Se a empresa fose persoa xurídica, a escritura de constitución ou modificación, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil cando este requisito sexa esixible segundo a lexislación mercantil aplicable. Se o devandito requisito non fose esixible, a acreditación da capacidade de obrar realizarase mediante a escritura ou documento de constitución, estatutos ou acta fundacional, no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso, no correspondente Rexistro oficial.
 - Os empresarios non españois de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo Económico Europeo deberán acreditar a súa capacidade de obrar pola súa inscrición no rexistro procedente de acordo coa lexislación do Estado onde estean establecidos ou mediante





presentación de certificación ou declaración xurada nos termos que se establezan regulamentariamente.

- Os restantes empresarios estranxeiros deberán acreditar a súa capacidade de obrar mediante informe expedido pola representación diplomática española no Estado correspondente ou da Oficina Consular en cuxo ámbito territorial radique o domicilio da empresa.
- Así mesmo, deberán achegar informe da respectiva misión diplomática permanente española relativo a que o Estado da súa orixe admite, pola súa vez, a participación de empresas españolas na contratación coa Administración, en forma substancialmente análoga.

b) Facultades de representación con que actúa o asinante da proposición cando a subscriba no nome doutra persoa.

- DNI do/s apoderado/s ou do documento que regulamentariamente o substitúa.
- Se o licitador fose un empresario individual, escritura de poder notarial outorgada polo titular ou propietario da empresa a favor de quen subscribe a solicitude no seu nome.
- Se o licitador fose unha persoa xurídica, presentará a escritura de constitución da sociedade ou modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil con aqueles acordos particulares dos estatutos ou acordos sociais dos que se deduza a dita representación. Se esta non resultase unicamente deles, presentarase ademais a escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no Rexistro Mercantil ou, no seu caso, no Rexistro público que corresponda.

c) Bastanteo de poder

Coa finalidade de xustificar adecuadamente a representación ante o órgano de contratación, achegarase o correspondente documento en que conste que o poder é declarado bastante polo letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia outorgado ao seu favor, en caso de que actuase en representación de terceiro ou de persoa xurídica.

d) Cumprimento das obrigas tributarias e de Seguridade Social (no caso de non autorizar ao órgano xestor do contrato para solicitar os certificados para emitir polos órganos competentes).





e) Solvencia económica e financeira, técnica ou profesional

A documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica ou da clasificación realizada na declaración responsable, de conformidade co sinalado na cláusula 5 do presente prego.

En virtude do artigo 75 LCSP, se a licitadora recorreu á solvencia e medios doutras entidades deberá achegar o compromiso de disposición de solvencia e medios doutras entidades, segundo o anexo I a este prego.

As empresas que liciten en unión temporal deberán acreditar os requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou de clasificación. Cada unha das empresas que compoñen a unión temporal deberá acreditar a súa capacidade e solvencia conforme o sistema de acreditación previsto no número anterior. Acumularanse, para os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas para cada un dos integrantes dela, de conformidade coas condicións previstas no artigo 69.6 da LCSP.

f) Garantía definitiva

Documentación xustificativa da constitución da garantía definitiva que sexa procedente. En concreto se presentará o xustificante de ter depositada a garantía definitiva na Caixa Xeral de Depósitos da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia ou Delegacións da ATRIGA, a favor do órgano de contratación, polo importe sinalado no apdo. 12 do cadro de características, calculada sobre o orzamento de licitación, IVE excluído.

A garantía poderá constituírse en calquera das formas establecidas no artigo 108 LCSP, cos requisitos establecidos no artigo 55 e seguintes do RXLCAP e responderá dos conceptos mencionados no art. 110 LCSP.

O órgano de contratación poderá establecer unha garantía complementaria do 5% no caso que a oferta do adxudicatario resultara inicialmente incurso en presunción de anormalidade. Esta situación reflectirase no apdo. 12 do cadro de características, alcanzándose neste caso unha garantía total do 10% de acordo co artigo 107.2 da LCSP.

A devolución e cancelación das garantías efectuarase de conformidade co disposto nos artigos 111 LCSP e 65.2 e 3 do RXLCAP, no que non se opoña á LCSP.





A Administración, aprobada a liquidación do contrato, se non resultasen responsabilidades das que facer fronte con cargo á garantía definitiva, procederá de oficio á devolución desta mediante acordo que deberá adoptarse e notificarse ao interesado no prazo de dous meses dende a finalización do prazo de garantía.

g) Seguros

Xustificante de subscrición das pólizas de SEGURO A TODO RISCO DE CONSTRUCCIÓN e SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL cos requisitos específicos previstos no apartado 9.9.3 deste prego. Os xustificantes deberán aportarse en todo caso antes da sinatura do contrato.

Rexistros de licitadores/contratistas

De acordo co establecido no epígrafe 5.6 destes PCAP, e no establecido na letra a) do apartado 4 do artigo 159 da LCSP, na data final de presentación de ofertas todos os operadores económicos que se presenten á licitacións realizadas a través do procedemento aberto simplificado deberán estar inscritos no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia (RXC-Galicia) ou no rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas do sector público (ROLECEP), estando eximidos de achegar a documentación que nos ditos certificados se detalla sempre que estes datos estean actualizados no referido rexistro:

-Personalidade e representación a que se refire a letra a) e b) sempre e cando a representación sexa a mesma que conste no ROLECEP ou no RXC-Galicia.

-Escrituras de constitución. Non obstante, o órgano de contratación poderá requirir a achega da dita documentación se é necesaria para acreditar que o obxecto social da empresa é adecuado ao obxecto do contrato.

-Documentación acreditativa da solvencia económica, financeira e técnica que obre en poder do Rexistro.

-Documentación xustificativa de encontrarse ao día no cumprimento das obrigacións tributarias (coa Facenda estatal, coa Comunidade Autónoma de Galicia, e de estar dadas de alta no imposto sobre actividades económicas) e de encontrarse ao día no cumprimento das obrigacións coa Seguridade Social.

A documentación presentada polo candidato deberá ir acompañada dunha declaración responsable, segundo modelo que se establece como anexo IV, en que o





candidato manifieste que as circunstancias reflectidas no ROLECSP ou no RXC-Galicia non experimentaron variación.

As certificacións correspondentes a licitadores inscritos no ROLECE ou no RXC-Galicia será incorporada de oficio ao procedemento polo órgano de contratación. No suposto de licitadores que presenten un certificado comunitario de inscrición, deberán indicar a forma de acceso electrónico aos ditos certificados ou, na súa falta, achegarán copia del. En todo caso deberá achegarse xustificación documental de calquera dos requisitos exixidos e que non estean contemplados na referida certificación.

Así mesmo, segundo dispón o artigo 28 da Lei 39/2015, no seu segundo parágrafo, os licitadores non estarán obrigados a achegar documentos que fosen elaborados por calquera administración, sempre que exprese o seu consentimento no apartado 2. da declaración responsable, e existan nos servizos do órgano de contratación posibilidade técnica para facer as consultas

7.4.2 Logo de recibir á documentación a que se refire a cláusula anterior, da forma establecida no apartado 2.4.2 deste prego, a mesa de contratación comprobará a validez da mesma.

Tralo exame, si a documentación ten defectos emendables, comunicárase esta circunstancia á empresa proposta como adxudicataria, e concederáselle tres días hábiles para a emenda dos ditos defectos. A comunicación dos defectos ou omisións emendables realizarase a través da plataforma Notifica.gal á dirección de correo habilitado facilitada na declaración responsable.

Se transcorrido dito prazo, o erro non fora emendado, a oferta correspondente resultará excluída da licitación o entender que o licitador a retira, procedéndose nese caso a solicitarlle a mesma documentación ao licitador seguinte pola orde en que quedaran clasificadas as ofertas, segundo o artigo 150.2 da LCSP.

No suposto de que transcorrido o prazo outorgado para acreditar ante o órgano de contratación a posesión e validez dos documentos esixidos nesta cláusula, a empresa proposta coma adxudicataria non cumprise o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta. No caso de retirada da oferta o órgano de contratación poderá exixir o pago do 3% do presuposto base de licitación, IVA excluído, en concepto de penalidade.

Se a retirada da oferta trae a súa causa en ter incorrido en falsidade ao efectuar a declaración responsable relativa ao cumprimento dos requisitos esixidos consonte ao artigo 141 da LCSP, o órgano de contratación poderá iniciar o procedemento preceptivo para declarar a concorrencia da prohibición de contratar regulada no





artigo 71.1 e) da LCSP, sen prexuízo da adopción de calquera outra acción legal que á administración lle puidera corresponder.

Finalmente, producida a retirada da oferta por parte da empresa proposta coma adxudicataria, a mesa realizará unha nova proposta adxudicación ao licitador ou licitadores seguintes, pola orde en que queden clasificadas as súas ofertas. Seguidamente, procederase, de novo, de acordo co establecido na presente cláusula.

No suposto en que o licitador cumprira satisfactoriamente o requirimento efectuado pola administración contratante, o órgano de contratación adxudicaralle o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Cando o órgano de contratación non adxudique o contrato de acordo coa proposta formulada pola Mesa de Contratación deberá motivar a súa decisión.

De non ditarse a resolución de adxudicación dentro do prazo de 2 meses, que contará desde a apertura da proposición, salvo suspensión dos prazos, os licitadores terán dereito a retirar a súa proposición e a que se lle devolva ou cancele a garantía que prestasen.

Non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, nos termos e condicións establecidos no artigo 151 da LCSP.

O órgano de contratación poderá adoptar a decisión de non adxudicar ou levar a cabo un contrato por razóns de interese público debidamente xustificadas no expediente. Tamén poderá desistir do procedemento de adxudicación en caso de producirse unha infracción non emendable das normas de preparación do contrato ou das reguladoras do procedemento de adxudicación. En ambos a decisión adoptárase antes de formalizar o contrata.

A notificación da adxudicación efectuarase por medios electrónicos nos termos establecidos na cláusula 2.4. deste prego.

8. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO: PRAZO E CONTIDO

8.1. O contrato perfeccionarase mediante a súa formalización de acordo co artigo 36 LCSP.

O presente prego, o seu cadro de características, o prego de prescricións técnicas, o proxecto, anexos e demais documentos técnicos e o programa de traballo, revestirán





carácter contractual, polo que deberán ser asinados polo adxudicatario, en proba de conformidade, no mesmo acto da formalización do contrato.

Unha vez realizados os tramites referidos no apartado 7 deste prego, o órgano de contratación adxudicará o contrato.

O adxudicatario queda obrigado a subscribir, dentro do prazo de 15 días seguintes á notificación da adxudicación segundo o establecido no artigo 153 da LCSP, o documento administrativo de formalización do contrato, ao cal se unirá, formando parte do mesmo, a oferta do adxudicatario e un exemplar do prego de cláusulas administrativas particulares e das prescricións técnicas.

En ningún caso se poderán incluír cláusulas que impliquen alteración nos termos da adxudicación.

O documento en que se formalice o contrato será en todo caso administrativo, e o título será válido para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contrato formalizárase en escritura pública cando así o solicite o contratista. Os gastos derivados do seu outorgamento serán pola súa conta.

Se por causa imputable ao adxudicatario non se pode formalizar o contrato dentro do prazo indicado, a Administración poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva.

Se as causas de non formalización foren imputables á Administración, indemnizarase o contratista dos danos e perdas que a demora lle poida ocasionar.

Ao contrato incorporárase a declaración del Anexo VI que se refire as cláusulas 9.13 e 9.14 deste prego sobre protección de datos de carácter persoal e confidencialidade e deber de sigilo.

8.2. As proposicións económicas e o resto da documentación aportada o sobre único presentadas polos licitadores, tanto as declaradas admitidas como as rexeitadas ou sen abrir, ou as desestimadas, quedarán arquivadas na ferramenta de licitación electrónica da Xunta de Galicia SILEX.

8.3 A formalización do contrato publicarse, xunto co correspondente contrato, nun prazo non superior a quince días tras o perfeccionamento do mesmo no perfil do contratante do órgano de contratación.

9. EXECUCIÓN DO CONTRATO





9.1. FORMA DE EXECUCIÓN

9.1.1 O contrato executarase con estrita suxeición ás estipulacións que figuran no mesmo, neste prego e no prego de prescricións técnicas, documentos que teñen carácter contractual.

O contratista, sen prexuízo das facultades que asisten á dirección do contrato nomeada polo órgano de contratación, será responsable da organización do mesmo, da calidade técnica dos traballos que desenvolva e das prestacións realizadas, así como das consecuencias que se deduzan para esta administración, para calquera organismo ou entidade integrante do sector público ou para terceiros das omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas para a execución do contrato.

Así mesmo e no seu caso, calquera modificación ou adición do persoal adscrito, no seu caso, ao contrato efectuada polo contratista durante o transcurso dos traballos deberá ser previamente aprobada pola dirección do contrato, tendo en conta que as circunstancias profesionais do persoal substituído deberán ser equivalentes ás do persoal substituído.

O contratista está obrigado a cumprir coas condicións esenciais en relación coa execución do contrato e as condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, medioambiental ou de outro orde de acordo co artigo 202 da LCSP.

9.1.2 De acordo co establecido no artigo 202 da LCSP establécense como Condición especial de execución nos contratos das licitacións que se regulan neste prego, vinculadas o obxecto do mesmo, a seguintes:

- 1º Adquisición de materiais, suministros, o elementos do contrato en establecementos de proximidade, que supoñan un mínimo do 10% dos materiais necesarios para executar a prestación contratada. A estes efectos considérase “compra de proximidade” a realizada nun radio inferior a 200 km do lugar de execución do contrato.
 - Carácter de obrigación esencial para os efectos previstos nos artigos 211.f) e 192.a)
 - Carácter de infracción grave para os efectos establecidos no artigo 71.2.c) da LCSP en caso de incumprimento (cláusula 9.19).
- 2º As referidas, de ser o caso, no apartado 14 do cadro de características.





9.2. COMPROBACIÓN DO REPLANTEO

Nun prazo non superior a un mes dende a data de formalización do contrato, agás supostos excepcionais, procederase, en presenza do contratista, a efectuar a comprobación do replanteo efectuado previamente á licitación, consonte se dispón no artigo 237 da LCSP.

A comprobación de replanteo á que se refire o artigo 237 da LCSP suxeitarase ás seguintes regras:

1.- Se o contratista non acudira, sen causa xustificada, ao acto de comprobación de replanteo, a súa ausencia considerarase como incumprimento do contrato coas consecuencias e efectos previstos na LCSP.

2.- Cando o resultado da comprobación do replanteo demostre, a xuízo do director de obra e sen reserva por parte do contratista, a dispoñibilidade dos terreos e a viabilidade do proxecto, darase por aquel a autorización para inicialas, facéndose constar este extremo explicitamente na acta que se estenda, de cuxa autorización quedará notificado o contratista polo feito de subscribila e empezándose a contar o prazo de execución das obras dende o día seguinte á sinatura da acta.

3.- Cando se trate da realización dalgunha das obras ás que fai referencia o artigo 126.2 do TRLCSP estarase ao disposto nese artigo en canto á dispoñibilidade de terreos, podendo comezarse as obras se estiveran dispoñibles os terreos e completarse a dispoñibilidade dos restantes segundo o esixa a execución das mesmas.

4.- Cando non resulten acreditadas as circunstancias ás que se refire o apartado anterior ou o director da obra considere necesaria a modificación das obras proxectadas, quedará suspendida a súa iniciación, facéndose constar na acta e ata que o órgano de contratación adopte a resolución procedente en virtude das facultades que lle atribúe a lexislación de contratos das administracións públicas.

En tanto sexa ditada esta resolución quedará suspendida a iniciación das obras dende o día seguinte á sinatura da acta, computándose a partir de dita data o prazo de catro meses a que se refire o artigo 245, parágrafo b) da LCSP, sen prexuízo de que, se foran superadas as causas que impediron a iniciación das obras, se ditase acordo autorizando o seu comezo, notificándose ao contratista e computándose o prazo de execución dende o día seguinte ao de tal notificación.

5.- O disposto no apartado anterior aplicarase igualmente cando o contratista formulase reservas no acto de comprobación de replanteo. Non obstante se tales reservas resultasen infundadas, a xuízo do órgano de contratación, non quedará





suspendida a iniciación das obras nin, en consecuencia, será preciso ditar novo acordo para que se produza o inicio das mesmas e se modifique o cómputo do prazo para a súa execución.

6.- A acta de comprobación do replanteo reflectirá a súa conformidade ou desconformidade respecto dos documentos contractuais do proxecto, con especial e expresa referencia ás características xeométricas da obra, á autorización para a ocupación dos terreos necesarios e a calquera punto que poda afectar ao cumprimento do contrato.

Á vista dos seus resultados procederase nos termos previstos nos apartados anteriores, no caso de que o contratista, sen formular reservas sobre a viabilidade do proxecto, fixera outras observacións que puideran afectar á execución do contrato, a dirección, consideradas tales observacións, decidirá iniciar ou suspender o comezo da obra, xustificándoo na propia acta.

Un exemplar da acta remitirase ao órgano de contratación, outro entregarase ao contratista e un terceiro á dirección.

A acta de comprobación do replanteo formará parte integrante do contrato aos efectos da súa esixibilidade.

7.- Se como consecuencia da comprobación do replanteo se deduce a necesidade de introducir modificacións no proxecto, a dirección redactará no prazo de quince días, sen prexuízo da remisión inmediata da acta, unha estimación razoada de ditas modificacións.

8.- Se o órgano de contratación decide a modificación do proxecto, a tramitación de dita modificación axustarse ás normas xerais da LCSP e do RXLCAP, en tanto no se opoña a dita Lei, acordando a suspensión temporal, total ou parcial da obra, ordenando neste último caso a iniciación dos traballos naquelas partes non afectadas polas modificacións previstas no proxecto.

9.3. PROGRAMA DE TRABAJO

O contratista adxudicatario está obrigado a presentar nun prazo non superior a trinta días dende a formalización do contrato, un programa de traballo no cal se incluírán todos os extremos que se indican no artigo 144 do RXLCAP e de conformidade co disposto na cláusula 27 do prego de cláusulas xerais, aprobado polo Decreto 3854/1970, de 31 de decembro.

Cada vez que se modifiquen as condicións contractuais, o contratista queda obrigado á actualización e posta ao día deste programa seguindo as instrucións que reciba para estes efectos.





A acta de comprobación de replanteo e os prazos parciais que procedan fixarse ao aprobar o programa de traballo entenderase como integrantes do contrato aos efectos da súa esixibilidade.

9.4. SINALIZACIÓN DAS OBRAS

O contratista está obrigado a instalar pola súa conta os sinais precisos para indicar o acceso á obra, a circulación na zona que ocupan os traballos e os puntos de posibles perigos debido á marcha daqueles, tanto na dita zona como nos seus lindeiros ou inmediacións, así como a cumprir as ordes e sufragar os gastos aos que se refire a cláusula 23 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais, aprobado polo Decreto 3854/1970, de 31 de decembro.

De acordo coas instrucións do órgano de contratación e atendendo ás características da obra, o contratista situará nesta os carteis que por aquela se lle indiquen. A súa subministración e colocación correrá a cargo do contratista dentro do orzamento de adxudicación das obras.

9.5. ACCESIBILIDADE E SUPRESIÓN DE BARREIRAS

Deberá terse en conta o establecido no artigo 63.3 do Decreto 35/2000, do 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG nº 41, do 29 de febreiro).

9.6. DIRECCIÓN DAS OBRAS.

A Administración, a través da dirección de obra, levará a cabo a inspección, comprobación e vixilancia para a completa realización da obra executada, axustándose ao establecido no RXLCAP e máis ao disposto nas cláusulas 4 e 21 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais (Decreto 3854/1970).

9.7. OBRIGAS LABORAIS E SOCIAIS.

9.7.1 O contratista contará co persoal necesario para a execución do contrato. O dito persoal dependerá exclusivamente da entidade adxudicataria, a cal terá todos os dereitos e deberes inherentes á súa condición de empregador respecto deste, e a Administración contratante é de todo allea ás referidas relacións. Por conseguinte, en ningún caso poderá ser alegado ningún dereito polo referido persoal en relación coa Administración contratante nin exixirse a esta responsabilidades de calquera clase, como consecuencia das obrigacións existentes entre o adxudicatario e os seus empregados, aínda no suposto de que os despedimentos ou medidas que o





empresario adopte se baseen no incumprimento, interpretación ou resolución do contrato.

O/a adxudicatario/a comprométese a retribuír adecuadamente o persoal destinado ao contrato de obra, asumindo de forma directa e non trasladable á Administración contratante o custo de calquera mellora nas condicións de traballo e/ou nas súas retribucións, xa sexa como consecuencia de convenios colectivos, pactos ou acordos de calquera índole, de maneira que, en ningún caso, poderá repercutir as referidas modificacións sobre o importe que se facturará pola obra.

O adxudicatario/a queda obrigado/a, respecto do persoal destinado á obra, ao cumprimento da normativa laboral, da Seguridade Social e de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo que se encontre vixente en cada momento. Así mesmo, promoverá condicións de conciliación familiar e laboral e de igualdade de xénero.

No caso de accidente ou prexuízo de calquera índole ocorrido aos traballadores con ocasión do exercicio dos seus labores, o/a adxudicatario/a cumprirá co disposto nas normas vixentes, baixo a súa responsabilidade, sen que estas alcancen de ningún modo a Administración contratante.

9.8. AUTORIZACIÓNS E LICENZAS

O contratista está obrigado ao cumprimento de todas as disposicións vixentes relacionadas coa actividade por el desenvolvida. En especial, contará coas cesións, permisos e autorizacións necesarias dos titulares das patentes, modelos e marcas de fabricación correspondentes para empregar materiais, subministracións, equipos na execución do obxecto do contrato, correndo da súa conta o pago dos dereitos e indemnizacións relativas a reclamacións en materia de propiedade industrial e comercial, debendo indemnizar á Administración polos danos e prexuízos que se lle causen por tal concepto.

9.9. EXECUCIÓN DAS OBRAS, RESPONSABILIDADE DO CONTRATISTA E SEGUROS

9.9.1 O contratista executará as obras con estrita suxeición ás estipulacións contidas no presente prego de cláusulas administrativas particulares, o cadro de características, ao proxecto e máis ao programa de traballo que serve de base ao contrato e consonte as instrucións que, en interpretación técnica deste, dese o director de obra. No suposto de que ditas instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito á maior brevidade posible para que sexan vinculantes para as partes.





Con anterioridade ao comezo da execución das obras, o contratista deberá presentar o plan de seguridade e saúde segundo o disposto no artigo 7 do Real decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción.

Será responsabilidade do contratista a custodia dos libros de ordes e incidencias, entregados pola dirección das obras e debidamente dilixenciados, o libro relativo á subcontratación, no seu caso, o proxecto básico e de execución e canta documentación sexa así mesmo necesaria para o correcto desenvolvemento da execución das obras.

O contratista deberá cumprir durante a execución do contrato a normativa legal e regulamentaria en vigor referida a hixiene, protección persoal, saúde pública e ambiental que resulte de aplicación, sendo responsable de calquera tipo de sanción ou indemnización derivada do seu incumprimento.

En cumprimento do establecido no artigo 12 do Decreto 105/2006, do 22 de xuño (DOG nº 125, do 30 de xuño), se a execución das obras se realiza en épocas de alto risco de incendios (as así declaradas pola Dirección Xeral competente en materia forestal) nos montes e nas áreas rurais situadas nunha franxa de 400 metros arredados daqueles e se nela se utiliza maquinaria non forestal nin agrícola ou ferramentas que poidan producir faíscas ou soldaduras de calquera tipo, o contratista deberá remitirle á Dirección Xeral competente en materia forestal, nun prazo de dez (10) días hábiles anteriores ao efectivo comezo das obras, unha memoria explicativa dos traballos e as medidas previstas de prevención e extinción de incendios. Se non se manifestase oposición por parte de dita dirección xeral, poderase dar comezo á obra no prazo sinalado, sen prexuízo da responsabilidade en que se poida incurrir no caso de incumprimento das medidas comunicadas.

Durante o desenvolvemento das obras e ata que se cumpra o prazo de garantía, o contratista será responsable dos defectos que na construción da obra se poidan observar.

Cando a xuízo do director da obra algunha parte desta estivese mal executada, o contratista esta obrigado a volver a realizala sen custe ningún para a Administración.

Segundo o artigo 8 da Lei 32/2006, reguladora da subcontratación no sector da construción (BOE nº 250, de 19 de outubro), na fase de execución de contrato, con carácter previo ao inicio da súa intervención no acto de subcontratación, é obrigatorio que os contratistas estean inscritos no Rexistro de Empresas Acreditadas (REA). Neste caso, o contratista deberá dispor así mesmo dun libro de subcontratación en obra, onde reflectirá por orde cronolóxica dende o comezo dos traballos, todas e cada unha das subcontratacións realizadas nunha determinada





obra con empresas subcontratistas e traballadores autónomos, o seu nivel de subcontratación e empresa comitente, o obxecto do seu contrato, a identificación da persoa que exerce as facultades de organización e dirección de cada subcontratista e, no seu caso, dos representantes legais dos traballadores da mesma, as respectivas datas de entrega da parte do plan de seguridade e saúde que afecte a cada empresa subcontratista e traballador autónomo, así como as instrucións elaboradas polo coordinador de seguridade e saúde para marcar a dinámica e desenvolvemento do procedemento de coordinación establecido e as anotacións efectuadas pola dirección facultativa sobre a súa aprobación de cada subcontratación excepcional.

Tal e como se recolle no Regulamento que desenvolve a mencionada lei, este libro será habilitado pola autoridade laboral correspondente ao territorio onde se execute a obra.

O contratista estará obrigado a comunicar a información que lle solicite a Administración nos aspectos relacionados coa execución dos traballos e, en especial, no recollido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno cando sexa de aplicación.

9.9.2 Consonte establece o artigo 196 da LCSP, o adxudicatario será responsable de indemnizar todos os danos e prexuízos causados a terceiros, tanto por si mesmo como polo seu persoal ou por medios dependentes dese persoal, e que sexan consecuencia da realización das operacións que requira a execución do contrato, agás que ditos danos ou prexuízos sexan ocasionados coma consecuencia inmediata e directa duna orde da Administración, a cal deberá constar por escrito, ou sexan producidos coma consecuencia dos vicios do proxecto elaborado pola Administración.

9.9.3 Correrán a cargo do adxudicatario todos os danos producidos no desenvolvemento das obras calquera que sexa a súa natureza e volume que sexan consecuencia da realización das operacións que requira a execución do contrato

A empresa adxudicataria deberá contar cos seguros obrigatorios. Esíxeselles ademais, que acrediten que contrataron os seguintes seguros específicos:

-SEGURO A TODO RISCO DE CONSTRUCCIÓN polo importe mínimo de adxudicación da obra (IVE excluído), incluída cobertura para bens preexistentes por un importe mínimo equivalente ao 25% deste importe.

Debaerá aportar certificación expedida en nome da compañía aseguradora por persoa con poder bastante conforme ten subscrito o seguro

-SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL, nas súas vertentes xeral, patronal, cruzada e traballos determinados, incluíndo como asegurada á empresa contratista,





subcontratistas e a Administración como promotora das obras por importe mínimo de 500.000,00 €, cun sublímite por vítima por accidentes de traballo por un importe mínimo de 300.000,00 €.

Deberá aportar certificación expedida en nome da compañía aseguradora por persoa con poder bastante conforme ten subscrito o seguro.

O adxudicatario deberá xustificar documentalmente antes da firma do contrato, así como cando se lle requira, a contratación das pólizas.

En todo caso, serán soportados polo adxudicatario os danos e prexuízos na contía das franquías e no que se superen os límites que se establezan.

Cando o adxudicatario sexa unha UTE os seguros será subscritos pola UTE pola totalidade dos importes esixido anteriormente, ou por todas as empresas que a compoñan e cada unha pola totalidade dos importes esixido anteriormente Poderá cumprirse esta condición mediante a extensión ao presente contrato dos seguros que xa tivera concertado a empresa adxudicataria, sempre que quede cuberta a suma asegurada esixida e así se acredite mediante a correspondente certificación expedida en nome da compañía aseguradora por persoa con poder bastante

9.10. PRAZO DE EXECUCIÓN

O contratista está obrigado a cumprir o prazo de execución total fixado para a realización do contrato que se recolle no apdo. 5 do cadro de características do presente prego así como dos prazos parciais sinalados no programa de traballos para a súa execución sucesiva.

Se chegado o remate do prazo pactado, o contratista incorrese en mora por causas imputables a este, a Administración poderá optar pola resolución do contrato con perda da garantía ou pola imposición de penalidades económicas, na contía prevista no artigo 193 da LCSP.

Conforme ao artigo 99 RXLCAP, o importes destas penalidades faranse efectivos mediante a súa dedución nas certificacións de obras ou, de ser o caso, da garantía e sen que a aplicación e pago das citadas penalidades exclúa a indemnización á que a Administración poida ter dereito polos danos e perdas ocasionados polo retraso do contratista.

A perda de garantía ou os importes das penalidades non exclúen a indemnización de danos ou perdas aos que poida ter dereito a Administración, orixinados pola demora do contratista.





En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

Se o retraso fose producido por motivos non imputables ao contratista, estarase ao disposto no artigo 195.2 da LCSP.

9.11. GASTOS ESIXIBLES AO CONTRATISTA

Serán de conta do contratista:

- Os gastos e impostos da formalización do contrato, así como as taxas, impostos por prestación dos traballos facultativos do replanteo, dirección, inspección, execución e liquidación e calquera outros que resultasen de aplicación de conformidade coas disposicións vixentes e na forma e contía que estas determinen.
- Os gastos e taxas derivadas da realización das xestións referidas ás instalacións complementarias ou á redacción e tramitación de proxectos de instalacións e de acometidas de obra, que foran necesarias efectuar perante os organismos competentes a efectos da obtención da alta e permiso de funcionamento das mesmas, aínda cando foran solicitadas a nome da persoa ou entidade que o órgano de contratación designe.
- Os gastos derivados de impostos, licencias, autorizacións, permisos e requirimentos establecidos nas normas e ordenanzas municipais e de calquera outro organismo ou entidade pública ou privada que sexan necesarios para a iniciación, desenvolvemento e remate da execución do contrato, así como para a entrega ao uso ou servizo que corresponda das obras.
- O contido do plan de control de calidade aprobado para a obra describirá a asistencia técnica que se prestará, indicando ensaios, probas de servizo, etc. A porcentaxe para o control de calidade será o indicado no cadro de características e poderá ser descontado do importe da adxudicación para a súa contratación directamente pola administración (apartado 15 do cadro de características). Por outra banda, a Administración resérvase o dereito de aprobación da empresa consultora e/ou laboratorio proposto pola empresa adxudicataria.

Sen prexuízo dos ensaios e análises previstos no prego de prescricións técnicas, nos que se estará ao contido do mesmo, o director da obra pode ordenar que se realicen os ensaios e análises de materiais e unidades de obra e que se soliciten os informes específicos que en cada caso resulten pertinentes, sendo de conta do contratista os gastos que se orixinen.





- Os derivados da contratación de calquera tipo de seguros obrigatorios de acordo coa normativa de aplicación e os obrigados por estes PCAP.

9.12. RISCO E VENTURA

O contrato executarase a risco e ventura do contratista sen prexuízo do disposto no artigo 239 da LCSP para o suposto de forza maior.

9.13. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

O licitador seleccionado coa oferta máis vantaxosa declarará documentalmente mediante o Anexo VI que se responsabiliza de que o tratamento de datos de carácter persoal que se poida realizar no marco da prestación do servizo se fará con absoluto respecto das normas de seguridade respectando á normativa de protección de datos establecida na Ley Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personales y garantía de los derechos digitales (LOPD-GDD), na normativa europea do Regulamento General de Protección de Datos (RGPD), na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter personal, e no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do seu desenvolvemento que continúen en vigor, así mesmo, será de aplicación a disposición adicional vixésimo quinta da LCSP e demais normativa de aplicación. En caso de incumprimento do estipulado, a entidade contratada e os técnicos destacados serán responsables das infraccións que deriven del e, en particular se cumprirá que:

- O contratista tratará os datos única e exclusivamente conforme as instrucións que reciba do responsable do ficheiro, comprometerase a que o persoal manteña a obrigaçión de segredo profesional a respecto deles e non os comunicará a outras persoas, en ningún caso, para a súa conservación. Para tal efecto, os empregados da empresa adxudicataria deberán asinar con ela un pacto de confidencialidade.

- O contratista, na súa condición de encargado do tratamento, garantirá a adopción e implementación das medidas de seguridade correspondentes ao tipo de datos tratados en atención ao disposto no Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro.

- O contratista, na súa condición de encargado do tratamento, non aplicará nin utilizará tales datos con fins distintos aos derivados da natureza do contrato. En caso de que o adxudicatario destine os datos a outra finalidade, os comunique ou os utilice incumprindo as cláusulas anteriores será considerado, tamén, responsable do tratamento, e responderá das infraccións en que incorrese persoalmente. Non obstante, o adxudicatario non incurrirá en responsabilidade cando, logo de indicación expresa do responsable de tratamento, comunique os datos a un terceiro





designado por aquel, que terá a consideración de encargado do tratamento e, por tanto, deberá axustarse ás instrucións do responsable do ficheiro.

- O contratista non aplicará nin utilizará os datos con fins distintos á execución da obra de que é obxecto este prego, nin os comunicará, nin sequera para a súa conservación, a outras persoas.

- O adxudicatario non poderá utilizar as redes de comunicacións situadas nas instalacións do responsable do ficheiro para transmitir datos procedentes dos ficheiros desta última con destino a terceiros e, en caso de que estas redes sexan da súa titularidade, adoptará sobre elas as medidas de seguridade necesarias para evitar o acceso de terceiros non autorizados.

Unha vez cumprida a prestación contractual, os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos ao responsable do ficheiro, ao igual que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento. Non procederá a destrución dos datos cando exista unha previsión legal que exixa a súa conservación; neste caso, estes deberanse devolver.

En caso de incumprimento do estipulado, o adxudicatario e os técnicos que formen parte do equipo de traballo serán responsables das infraccións que deriven del.

O órgano de contratación reserva para si o dereito de efectuar en calquera momento os controis e auditorías que considere apropiadas co fin de verificar o correcto cumprimento desta cláusula.

9.14. DEBER DE SIXILO

O contratista deberá gardar sixilo respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.

Non se poderá transferir ningunha información sobre os traballos ou os seus resultados, nin sobre a información base solicitada, sen o consentimento previo do órgano de contratación.

O contratista deberá respectar o carácter confidencial da información a que teña acceso con ocasión da execución do contrato que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal. O deber de confidencialidade manterase durante un prazo de 5 anos desde o coñecemento da información, salvo que no cadro de características se estableza un prazo maior. En todo caso, cando a información sexa de carácter persoal, o deber de segredo manterase por tempo indefinido aínda despois de finalizar a relación contractual.





O licitador seleccionado coa oferta máis vantaxosa deberá presentar unha declaración responsable en que se comprometa a dita obriga contractual (Anexo VI).

9.15. MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Para os efectos do establecido no artigo 190 da LCSP, o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de modificar, por razóns de interese público, o contrato con suxeición ao estipulado no artigo 203 da LCSP, nos casos e na forma establecidos na subsección 4ª, sección 3ª, capítulo I, Título I do Libro segundo da LCSP, e de acordo co procedemento de exercicio da potestade de modificación do contrato regulado no artigo 191 coas particularidades previstas no artigo 207, e para dar cumprimento aos principios de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, segundo o establecido no artigo 31 da Lei 10/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico (DOG núm. 17, do 27 de xaneiro de 2014).

O contrato so poderá modificarse nos termos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP ou excepcionalmente, cando sexa necesario realizar unha modificación que non estea prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións que establece o artigo 205 da LCSP.

Modificacións:

a) Modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación: O contrato só poderá modificarse sempre que se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das circunstancias dispostas no artigo 205 da LCSP, de acordo co procedemento de modificación do contrato regulado no artigo 191 LCSP coas particularidades previstas no artigo 207.

b) Modificacións previstas na documentación que rexe a licitación: De conformidade co establecido no artigo 204 da LCSP establécense os seguintes supostos de modificación:

O contrato poderá modificarse co obxectivo de dar cumprimento aos principios de sustentabilidade financeira e estabilidade orzamentaria.

Entenderase que concorren causas económicas que xustifican a modificación cando se produza unha situación de diminución dos ingresos recadados respecto ás previsións dos orzamentos aprobados.

Tamén se considerará que concorren causas económicas cando:

Se produza un descenso na transferencia de subvencións finalistas do Estado respecto das previsións efectuadas inicialmente na aprobación dos orzamentos que financian as prestacións contratadas.

Se adopten medidas derivadas dun plan de axuste aprobado de acordo coa normativa vixente de estabilidade orzamentaria polas autoridades competentes.





Se adopten medidas legais de axuste que determinen a modificación do contrato. Sexa necesario efectuar unha modificación orzamentaria que afecte ás partidas coas que se financian as prestacións contratadas para atender a servizos públicos esenciais entendendo por tales a sanidade, servizos sociais, atención de emerxencias, etc.

As devanditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

c) As modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución.

1) Redución do volume das obrigas. As modificacións que teñan por obxecto a redución das obrigas a redución do prezo do contrato será proporcional á redución das prestacións, de forma que se respecte a ecuación financeira do contrato orixinal, sen alterar a seu equilibrio económico, atendendo aos prezos unitarios das unidades nas que se descompoña a prestación, ou, de non existir, atendendo á porcentaxe que representen as prestacións reducidas sobre o prezo total co límite establecido neste apartado. A redución do volume das obrigas terán límite máximo do 20% do orzamento do contrato.

2) Modificacións que teñen por obxecto a ampliación do prazo de execución. Cando o obxecto do contrato consista nunha prestación para a cal se estableceu unha data de realización ou entrega, o órgano de contratación poderá ampliar o prazo de execución do contrato e proceder a un reaxuste de anualidades. O programa de traballo, se é o caso, revisarase para adaptalo aos novos importes anuais. O novo programa de traballo resultante deberá ser aprobado polo órgano de contratación. O reaxuste de anualidades só será realizado na medida que veña esixida polo mantemento do seu financiamento orzamentario. O límite máximo de ampliación será o triplo do prazo de execución previsto inicialmente sempre que non supere os límites legalmente establecidos para a duración do contrato.

d) O procedemento que se aplicará para as modificacións será o previsto no artigo 191 da LCSP, para o cal deberá darse audiencia ao contratista. Naqueles supostos en que a modificación esixida excedese o límite previsto no presente prego para o exercicio desta potestade, o órgano de contratación promoverá a resolución do contrato para evitar unha lesión grave aos intereses públicos. De acordo co artigo 191 da LCSP, nos procedementos que se instrúan para a adopción de acordos relativos á modificación do contrato, deberá darse audiencia ao contratista.





Cando coma consecuencia dunha modificación do contrato experimente variación o prezo do mesmo deberá reaxustarse a garantía definitiva, aos efectos do disposto no artigo 109.3 da LCSP.

Estes acordos deben de ser adoptados previo informe do servizo xurídico correspondente e as modificacións do contrato deberán formalizarse de conformidade ao disposto no artigo 153 da LCSP e deberán publicarse de acordo co establecido nos artigos 207 e 63.

9.16. CESIÓN E SUBCONTRATACIÓN DO CONTRATO

9.16.1 A cesión do contrato non está permitida de acordo co disposto no artigo 214.1 da LCSP.

9.16.2 O contratista poderá subcontratar con terceiros a execución parcial do contrato coas limitacións que, de ser o caso, se indiquen no apdo. 13 do cadro de características.

De acordo co establecido na artigo 215 apartado 2.a) da LCSP o licitadores deberán indicar no apartado 8 da declaración responsable a parte do contrato que teña previsto subcontratar, sinalando o seu importe, e o nome ou o perfil empresarial, definido por referencia as condicións de solvencia profesional ou técnica, dos subcontratistas aos que se vaia a encomendar a súa realización. Os subcontratos que non se axusten ao indicado na oferta, por celebrarse con empresarios distintos dos indicados nominativamente na mesma ou por referirse a partes da prestación diferentes ás sinaladas nela, non poderán celebrarse ata que transcorran vinte días desde que se cursou a notificación unha vez achegada a xustificación a que se refire no parágrafo seguinte, salvo que con anterioridade fosen autorizados expresamente, sempre que a Administración non notificase dentro deste prazo a súa oposición aos mesmos.

De acordo co artigo 215 2.b) da LCSP, o adxudicatario está obrigado a xustificar ante o órgano de contratación, tras a adxudicación do contrato e, a mais tardar cando inicie a execución mesmo, a identidade, os traballos subcontratados, o importe dos mesmos, os datos de contacto e representante ou representantes legais dos subcontratistas (Anexo V); tamén deberá xustificar suficientemente a aptitude destes para executar a obra con referencia aos elementos técnicos e humanos que dispoñan e a súa experiencia, acreditando que non se atopa incursos en prohibición de contratar de acordo co artigo 71 da LCSP.

O contratista deberá informar aos representantes dos traballadores a subcontratación de acordo co art. 42 do Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, que aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.





O contratista principal deberá notificar por escrito ao órgano de contratación calquera modificación que sufra a subcontratación durante a execución do contrato.

No caso de que o subcontratista tivera a clasificación adecuada para realizar a parte do contrato obxecto da subcontratación, a comunicación e acreditación desta circunstancia será suficiente para xustificar a súa aptitude.

Cando o contratista incumpra as condicións para a subcontratación establecidas no artigo 215.2 da LCSP ou as limitacións que poidan establecerse para a subcontratación no cadro de características, imporase a penalidade regulada no artigo 215.3 da LCSP co suxeición ao seguinte:

- Farase efectiva mediante dedución das cantidades que, en concepto de pago total ou parcial, deban aboarse ao contratista, ou sobre a garantía, conforme ao artigo 194.2 da LCSP.
- Como regra xeral a súa contía será un 5% do importe do subcontrato, salvo que, motivadamente, o órgano de contratación estime que o incumprimento é grave ou moi grave, en cuxo caso poderá alcanzar ata un máximo do 10% no caso de ser calificada como grave, ou do 50% no caso de ser moi grave de acordo co establecido no art. 215 apartado 3.a) da LCSP. A reiteración no incumprimento poderá terse en conta para valorar a gravidade.

No que respecta aos pagos aos subcontratistas estarse ao disposto nos artigos 216 e 217 da LCSP.

De acordo co artigo 215 apdo. 8 da LCSP, os subcontratistas non terán acción directa fronte a Administración contratante polas obrigas contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos.

9.17. SUSPENSIÓN DO CONTRATO

Se a Administración acorda a suspensión do contrato ou aquela ten lugar pola aplicación do disposto no artigo 198.5 da LCSP, redactarase unha acta na cal se consignarán as circunstancias que a motivaron e a situación de feito na execución daquel coas consecuencias sinaladas nos artigos 198 e 208 da LCSP e 103, 170 e 171 do RXLCAP.

9.18. INCUMPRIMENTO DO CONTRATO. PENALIDADES

9.18.1 Cando o contratista, por causas imputables a el, incorrese en demora respecto ao cumprimento do prazo total do contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola resolución do contrato, con perda, se for o caso, da garantía





constituída, ou pola imposición das penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 % do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para resolvelo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.

Esta mesma facultade terá a Administración respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade do cumprimento do prazo total.

A imposición de penalidade non exclúe a indemnización a que poida ter dereito a Administración polos danos e perdas ocasionados polo atraso imputable ao contratista.

A constitución en mora do contratista non requirirá intimación previa por parte da Administración.

Se se produce atraso no cumprimento dos prazos por causas non imputables ao contratista, a Administración poderá, por petición deste ou de oficio, concede ampliacións de prazo de acordo co disposto no artigo 195.2 da LCSP.

9.18.2 Cando o contratista, por causas imputables a el, incumpra a execución parcial das prestacións definidas no contrato, o órgano de contratación poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou por impor as penalidades diarias na proporción de 0,60 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.

9.18.3 No caso de que o contratista realice defectuosamente o obxecto do contrato o órgano de contratación poderá optar por resolver o contrato con incautación das garantías constituídas, ou ben impor unha penalización económica proporcional á gravidade do incumprimento, nunha contía que poderá alcanzar o 10 % do orzamento do contrato.

9.18.4 No caso de que o contratista incumpra as condicións para a subcontratación sinaladas non apdo. 9.16 impoñeranse as penalidades reguladas no apartado 3º do artigo 215 da LCSP.

9.18.5 No caso de que o contratista incumpra as condicións especiais de execución do contrato establecidas no apdo. 9.1.2 do prego e no apdo. 14 do cadro de características do contrato, o órgano de contratación pode, de conformidade co artigo 76.2 da LCSP, así como no artigo 202 en relación coas condicións especiais de execución do contrato de carácter social, ético, medioambiental ou de outro orde, establecer penalidades ou atribuírlles o carácter de obrigación contractual esencial para os efectos do artigo 211 da LCSP. O incumprimento das ditas condicións poderá ser considerado infracción grave para os efectos establecidos no artigo 71.2.c) da LCSP se así se indica no apdo. 14 do cadro de características.





9.18.6 Considerarase incumprimento grave, que xustificará a resolución do contrato, a vulneración probada dos dereitos laborais dos traballadores/as e, en especial, dos permisos de paternidade e maternidade, xa sexa directamente ou ben mediante coaccións. Nestes casos, sempre que existan indicios de delito contra os dereitos dos traballadores/as, o órgano de contratación porao en coñecemento do Ministerio Fiscal.

9.19. FORMA DE PAGAMENTO

9.19.1. O contratista terá dereito ao aboamento, de conformidade cos prezos pactados, das obras que realmente execute con suxeición ao contrato outorgado e ás súas modificacións, se as houberse.

Para os efectos do pago, a Administración terá a obriga de aboar o prezo dentro do prazo que se sinala no artigo 198.4 da LCSP, coas consideracións que recolle a disposición adicional trixésimo segunda da lei.

9.19.2. Os aboamentos ao contratista resultantes das certificacións expedidas teñen o concepto de pagos a conta, suxeitos ás rectificacións e variacións que se produzan na medición final e sen supoñer de ningunha forma aprobación e recepción das obras que comprende.

9.19.3. O contratista poderá desenvolver os traballos con maior celeridade que a prevista para executar as obras no prazo ou prazos contractuais, agás que a xuízo da dirección das obras existisen razóns para estimalo inconveniente. Malia o anterior, non terá dereito a percibir en cada ano calquera que sexa o importe do executado ou das certificacións expedidas, maior cantidade que a consignada na anualidade correspondente. Polo tanto, os dereitos que os artigos 198 e 240 da LCSP e a cláusula 53 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais (Decreto 3854/1970) lle conceden ao contratista, non se aplicarán partindo das datas das certificacións como base para o cómputo do tempo de demora no pagamento, senón da época na que debeu ser satisfeito.

Poderanse verificar abonos a conta, previa petición do contratista, por instalacións, almacenamento de materiais e equipos de maquinaria pesada adscritos á obra, nas condicións e coas garantías que se determinan nos artigos 198 e 240 da LCSP e 155 a 157 RXLCAP e de acordo coas cláusulas 54 a 58 do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais (Decreto 3854/1970).

9.19.4. Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será aboada ao contratista a conta da liquidación do contrato.

Nos supostos nos que a Administración se demore no pago estarase ao disposto no artigo 198.4 da LCSP.





9.19.5 As facturas presentaranse obrigatoriamente en formato electrónico.

O xuro de demora calcularase sobre o importe da obriga pecuniaria principal, excluído o IVE e os demais tributos que graven a operación.

Todos os valores numéricos serán redondeados ao segundo decimal.

O acceso ao Sistema electrónico de facturación da Xunta de Galicia, regulado na Orde de 12 de febreiro de 2010, (DOG nº 31, de 16 de febreiro), e á información sobre o mesmo será a través das seguintes URL:

<http://conselleriadefacenda.es/factura>

<http://www.conselleriadefacenda.es/sicon/>

O SEF proporcionará ao presentador un xustificante de recepción electrónica no cal constarán, como mínimo, a data e a hora de presentación, o órgano xestor destinatario e o número de asento rexistral da factura. Así mesmo, incluirá un código seguro de verificación que permitirá en calquera momento validar ante o sistema a exactitude do documento.

O Rexistro Contable de Facturas estará integrado co SEF. A anotación no rexistro contable de facturas é requisito previo necesario para a tramitación do recoñecemento da obrigación.

Para o aboamento do prezo dos servizos emitirase unha factura que se presentará acompañada da documentación acreditativa valorada da obra realizada.

O pagamento realizarase polo importe establecido e acreditado, mediante a correspondente conformidade do xestor do contrato.

No anexo III do presente prego recóllense datos e información que se terán en conta na facturación electrónica.

9.20. TRASMISIÓN DOS DEREITOS DE COBRAMENTO

Segundo se establece no artigo 200 da LCSP, os contratistas que teñan un dereito de cobramento fronte á Administración poderán cedelo de acordo a dereito, nos termos especificados no dito artigo.

Para que a cesión dese dereito de cobro teña plena efectividade fronte á Administración, será requisito imprescindible a notificación fidedigna á Administración do acordo de cesión.

A eficacia das segundas e sucesivas cesións dos dereitos de cobro cedidos polo contratista quedará condicionada ao cumprimento do disposto no parágrafo anterior.

Unha vez que a Administración teña coñecemento do acordo de cesión, o mandamento de pago haberá de ser expedido a favor do cesionario. Antes de que a





cesión se poña en coñecemento da Administración, os mandamentos de pago a nome do contratista ou do cedente producirán efectos liberatorios.

As cesións anteriores ao nacemento da relación xurídica da que deriva o dereito de cobro non producirán efectos fronte á Administración. En todo caso, a Administración poderá opoñer fronte ao cesionario todas as excepcións causais derivadas da relación contractual.

10. FINALIZACIÓN DO CONTRATO

10.1 CUMPRIMENTO DO CONTRATO

O contrato entenderase cumprido polo contratista cando realizase, de acordo cos termos contractuais e a satisfacción da Administración, a totalidade do seu obxecto Cunha antelación de 45 días hábiles, o contratista comunicarlle por escrito á dirección de obra a data prevista para a terminación ou execución do contrato, co gallo de que se poida levar a cabo a súa recepción.

Poderán ser obxecto de recepción parcial aquelas partes da obra susceptibles de ser executadas por fases e que poidan ser entregadas ao uso público, segundo o establecido no contrato.

Consonte establece o artigo 243.6 da LCSP, sempre que por razóns excepcionais de interese público, debidamente motivadas no expediente, o órgano de contratación acorde a ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público, aínda sen o cumprimento do acto formal de recepción, dende que concorran ditas circunstancias produciranse os efectos e consecuencias propios do acto de recepción das obras e nos termos en que regulamentariamente se establezan.

A recepción e liquidación efectuarase nos termos e coas formalidades establecidas nos artigos 210 e 243 da LCSP e 163 do RXLCAP, e nas cláusulas 71 e seguintes do Prego de Cláusulas Administrativas Xerais para a contratación de obras do Estado (Decreto 3854/1970).

10.2 RECEPCIÓN E GARANTÍA DA OBRA REALIZADA

10.2.1 Á recepción das obras unha vez rematadas concorrerá un facultativo designado pola Administración representante desta, o facultativo encargado da dirección das obras e o contratista asistido, se o estima oportuno, do seu facultativo.

Dentro do prazo de tres meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas.





Se se atopan as obras en bo estado e con arranxo ás prescricións previstas, o funcionario técnico designado pola Administración contratante e representante desta, daraas por recibidas, levantándose a correspondente acta e comezando entón o prazo de garantía.

Cando as obras non se achen en estado de ser recibidas farase constar así no acta e o Director das mesmas sinalará os defectos observados e detallará as instrucións precisas fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido devandito prazo o contratista non o tivese efectuado, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

10.2.2 O contratista será responsable da calidade técnica dos traballos que leve a cabo nas obras realizadas, así como das consecuencias que se deduzan para a Administración ou para terceiros dos omisións, erros, métodos inadecuados ou conclusións incorrectas na execución do contrato.

O obxecto do contrato quedará suxeito ao prazo de garantía que se indica no apdo. 15 do cadro de características, contado desde a data de recepción ou conformidade do traballo, prazo durante o cal a Administración poderá comprobar que o traballo realizado se axusta ao contratado e ao estipulado no prego de prescricións técnicas e demais documentación de carácter contractual.

Se durante o prazo de garantía se acredita a existencia de vicios ou defectos nos traballos efectuados, o órgano de contratación terá dereito a reclamarlle ao contratista a emenda, pola súa conta, de todas as deficiencias que se poidan observar no executado, con independencia das consecuencias que poidan derivar das responsabilidades en que puidese ter incorrido.

Terminado o prazo de garantía sen que a Administración formalizase algún dos reparos ou a denuncia referida, o contratista quedará exento de responsabilidade por razón da prestación efectuada.

10.3.- RESPONSABILIDADE POSTERIOR DO CONTRATISTA.

Se a obra se arruinase con posterioridade á expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, este responderá dos danos e prexuízos durante o termo de quince anos a contar dende a recepción da obra.

Así mesmo, o contratista responderá durante o devandito prazo dos danos materiais causados na obra por vicios ou defectos que afecten á cimentación, os soportes, as vigas, os forxados, os muros de carga ou outros elementos estruturais, e que comprometan directamente a resistencia mecánica e a estabilidade da construción,





contados desde a data de recepción da obra sen reservas ou desde a corrección destas.

As accións para esixir a responsabilidade prevista no apartado anterior por danos materiais dimanantes dos vicios ou defectos, prescribirán no prazo de dous anos a contar desde que se produzan ou se manifesten devanditos danos, sen prexuízo das accións que poidan subsistir para esixir responsabilidades por incumprimento contractual.

Transcorridos 15 anos sen que se manifestase ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista.

10.4 CONSERVACIÓN DAS OBRAS

Todos os gastos que se ocasionen pola conservación e policía das obras durante o período de garantía, ou de ampliación deste segundo o artigo 243.3 da LCSP, serán de conta do contratista, non tendo dereito a indemnización ningunha por este concepto.

10.5 DESPEXE FINAL DAS OBRAS

As zonas afectadas polas obras, e as ocupadas, volverán a restituírse a súa situación inicial. As da propia obra deberán quedar saneadas e en disposición de uso inmediato para o fin que foron realizadas.

10.6 DEVOLUCIÓN E CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA.

Estarase ao disposto no artigo 111 da LCSP e no artigo 65 RXLCAP.

10.7.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

A resolución do contrato terá lugar nos supostos que se sinalan nos artigos 211 e 245 da LCSP, acordándose polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, mediante procedemento no que se garanta a audiencia a este e cos efectos previstos nos artigos 213 e 246 da LCSP e 110 a 113 e 172 do RXLCAP.

Así mesmo, ao abeiro do establecido no artigo 211 f) do LCSP, consideraranse obrigas contractuais esenciais, con efectos de resolución do contrato as seguintes:

a) A vulneración polo adxudicatario das obrigas e limitacións que o presente prego lle impón en materia de cesión e subcontratación, e, concretamente, o incumprimento por parte do contratista das súas obrigas en relación co artigo 215 da LCSP nos termos recollidos apdo. 9.16 deste prego .





- b) A reiterada obstrución ou falta de colaboración por parte do contratista para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas á Administración no presente prego, previamente advertidas por escrito.
- c) Nos casos en que se esixa o deber de gardar sixilo, producirá igualmente a resolución do contrato o incumprimento deste deber o que se refire a cláusula 9.13, respecto aos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto do contrato e chegasen ao seu coñecemento con ocasión deste.
- d) A vulneración polo adxudicatario das condicións de especial execución que se consideren obriga esencial no apdo. 9.1.2 deste prego.

ANEXOS

Anexo I. Declaración responsable.

Anexo II. Proposta económica.

Anexo III. Datos de facturación electrónica.

Anexo IV. Declaración de non variación de datos no R.C.

Anexo V. Subcontratación.

Anexo VI. Protección de datos e confidencialidade.

En caso de discordancia entre as versións en lingua galega e castelá do prego de cláusulas administrativas particulares e o seu cadro de características, estarase ao disposto na versión en galego.

De conformidade co establecido no artigo 122 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, logo do informe favorablemente da Asesoría Xurídica do Gabinete Territorial de Pontevedra, e no uso das facultades que teño atribuídas polo artigo 5 da Orde do 5 de decembro de 2018 (DOG Nº 243 de 21 de decembro de 2018), de delegación de competencias nos órganos superiores, directivos e periféricos da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional este órgano de contratación acorda:

Aprobar este modelo de prego tipo de cláusulas administrativas particulares e anexos da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, para licitación de obras polo procedemento aberto simplificado.

Asinado electronicamente en Pontevedra,

O órgano de contratación

P.D. (Art. 5 Orde do 5-11 2018)

O xefe territorial

César Augusto Pérez Ares

